

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1**

### **SESION ORDINARIA DO 30 DE XANEIRO DE 2012**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velooso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### **NON ASISTE:**

Bravo Bosch, María José

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta de xaneiro do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e

Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Bravo Bosch. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Bos días, señoras e señores concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello, convocado por orde do día do vinte e seis de xaneiro que obra en poder das señoras e dos señores concelleiros. Constatamos quórum. Abrimos sesión pública.

Este Pleno vai ser interpretado en linguaxe de signos por alumnos en prácticas do ciclo de interpretación da Linguaxe de Signos do centro de estudos de POVISA.

Procedemos co Pleno. O punto 3.1 queda retirado da orde do día

### **PARTE RESOLUTIVA**

1.- (1).- ACTAS ANTERIORES. (S. ORDINARIA 28.11.11).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito, acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 28 de novembro de 2011.

1.1.- (2).- ESCRITO DE RENUNCIA Á ACTA DE CONCELLEIRA DE DONA M<sup>a</sup> JOSÉ BRAVO BOSCH, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR. EXPTE. 393/1101.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro de 2012, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, dona María José Bravo Bosch, renuncia ao seu cargo de concelleira.

Ao abeiro do sinalado nos arts. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na Instrución do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre relevo de cargos representativos locais,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ao obxecto de que se proceda ao relevo da Sra. concelleira citada conforme ao disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo para estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato/a ao que corresponda cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, o candidato que debe cubrir a vacante producida é D. Alejandro Pérez Davila, DNI núm. 36.151.748-A, co número 17 da candidatura electoral presentada polo Partido Popular ás últimas eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central para os efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Recibido escrito de renuncia de dona M<sup>a</sup> José Bravo, agradéceselle a o seu tempo neste Pleno e neste Concello co desexo da mellor sorte na súa nova tarefa de delegada da Xunta en Vigo.

## **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non se formularon.

## **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

3.1- (3).- APROBACIÓN INICIAL DA DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA DA

-----  
S. Ordinaria 30.01.12

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AUTOTAXI DA CIDADE DE VIGO, PARA A LIMITACIÓN DIARIA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO NO SECTOR DO AUTOTAXI. EXPTE. 81802/210 (392/1101).

*A Alcaldía-Presidencia retira o presente expediente da orde do día non sendo sometido a debate nin votación.*

3.2. (4).- INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE TITULARIDADE DE TRAMO NO CAMIÑO BÉRTOLOS. EXPTE. 19214/240 (384/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de decembro de 2011, o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis da concelleira delegada, informa do que segue:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003, do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- L 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- . RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

1º.- Pola Xerencia Municipal de Urbanismo en data 8 de xuño dq 2011, interesouse o inicio dun expediente de investigación dun camiño que parte do camiño Bértolos e remata na estrada do Regueiro na parroquia de Valladares, neste termo municipal de Vigo, dispoñendo de pavimento, alumeadado público, saneamento e abastecemento de auga e contemplarse no PXOM vixente como vial existente con aliñacións fixadas (segundo informa o director adxunto dos servizos técnicos da XMU), ao non constar no Inventario municipal de bens e dereitos como vía pública municipal, e coa finalidade de determinar a súa titularidade.

2º.- O servizo de Fomento informou en data 06.10.2011 sobre os servizos cos que conta dito vial, sinalando:

*"Vistos senllos informes, tanto do enxeñeiro técnico de Vías e Obras, do 30 de Xuño de 2011, como do inspector deste departamento de Vías e Obras, de data 1*

de xullo de 2011, constátase o seguinte:

*A unidade do taller de Vías e Obras leva a cabo o mantemento e conservación do camiño obxecto da presente, realizando reparacións periódicas con aglomerado asfáltico.*

*A última actuación da que se ten razón, foi o asfaltado do camiño, realizado durante os meses de xullo e agosto do ano 2008.*

*O ancho do camiño oscila entre os 7,40 m. e os 6 m. Dispón de iluminación pública e saneamento.*

*Consultados veciños de idade avanzada do lugar e consultada cartografía antiga, dátase a súa posesión pacífica e aparente dende os anos 70-80, sen descontar que a natureza pública do camiño fose anterior. Dada a súa antigüidade non se dispón do título de adquisición, pero trátase dunha posesión en concepto de dono, esencialmente porque o Concello de Vigo asfaltou este nos anos 70; xa que de non se ter por tal, non tería sentido asfaltar onde non se consideraba dono; non obstante, queda en todo caso clara a prescripción adquisitiva extraordinaria a favor do Concello de Vigo, polo transcurso de máis de 30 anos. Engadir que non consta persoa ningunha que inste a súa condición de dono do camiño ou parte do mesmo.*

*A súa non inclusión nas fichas do Inventario municipal de Viais de 1993, débese probablemente a un erro de campo e de redacción do mesmo; que debería ser corrixido."*

3º.- O Servizo de Cartografía emite informe en data 13.12.2011 describindo o camiño coas seguintes características, achegando plano de situación e deslinde (escala 1/1000):

#### CARACTERÍSTICAS

LONXITUDE	201 ml.
PAVIMENTO	Si
CUNETAS	Si
SANEAMENTO	Si
ABASTECIMENTO	Si
ALUMEADO PÚBLICO	Si
SECCIÓN	5 ml.
NON CONSTA NO INVENTARIO MUNICIPAL DO ANO 1993	

#### DESCRIPCIÓN:

PROPIETARIO	Concello de Vigo
DENOMINACIÓN	Camiño Bértolos (os primeiros 71 m.) e Estrada do Regueiro (os restantes 130 m )
SUPERFICIE	958 m2

LINDEIROS:

NORTE:	Ref. Catastral nº	54057A16500407	Bienvenido Costas Estévez
	" "	54057A16500445	Perfecta Salgueiro Guisande
	" "	54057A16500393	José Figueroa González
	" "	54057A16500392	Sabina Costas Iglesias
	" "	54057A16500387	Rosalía Costas Iglesias
SUR:	Ref. Catastral nº	54057A16500408	Antonio Costas
	" "	54057A16500412	Avelino Gil Rodriguez
	" "	54057A16500413	M <sup>a</sup> Concepción Carbó González
	" "	54057A16500414	Armando Alonso Novoa
	" "	54057A16500415	Enrique Alonso Costas
	" "	54057A16500450	Amparo Figueroa Gregores
	" "	54057A16500418	Rosalía Iglesias Costas
	" "	54057A16500419	Antonio Costas
	" "	54057A16500420	Rosalía Iglesias Costas

LESTE: Estrada do Regueiro -Valladares-

OESTE: Camiño de Bértolos -Valladares-

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1º.- As entidades locais, na súa condición de administracións públicas de carácter territorial e na esfera das súas competencias, teñen a potestade de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens (art. 4.1.d da LRBL).

Neste senso, a LPAP no marco das facultades e prerrogativas recoñecidas ás AAPPP para a defensa e protección do seu patrimonio, dispón da investigación da situación dos bens e dereitos que presumiblemente poidan formar parte do seu patrimonio, coa finalidade de determinar a titularidade dos mesmos, cando non conste esta de xeito certo (art. 41.1.a) e art. 45 LPAP).

2º.- O procedemento administrativo para o exercicio da potestade investigadora, ven regulado no RBEL nos art. 45 e ss, establecéndose no seu art. 46 a posibilidade do seu inicio por vía de denuncia ou de oficio pola propia Corporación a iniciativa, no seu caso, de calquera outra administración que en virtude dos deberes de información mutua e colaboración, poña en coñecemento dos feitos, actos ou circunstancias que sirvan de base ao exercicio da acción.

Así mesmo a LRXAP e PAC sinalan que os procedementos poderán iniciarse a solicitude de persoa interesada ou de oficio por acordo do órgano competente, por propia iniciativa ou como consecuencia da orde superior, petición razoada doutros órganos ou por denuncia (arts. 68 e 69.1 LRXAP e PAC).

3º.- A competencia para a adopción do acordo de inicio do expediente de investigación da vía con orixe no camiño Bértolos e remata na estrada do Regueiro na parroquia de Valladares, como a resolución do mesmo, ven atribuída

ao Pleno Municipal nas súas facultades para o exercicio das accións xudiciais e administrativas no seu ámbito (art. 123.1.m. da LRBRL).

O acordo do inicio do expediente deberá publicarse no BOP con expresión das características identificadoras da parcela obxecto de investigación, con exposición no taboleiro de anuncios do Concello durante un prazo de quince días, dando traslado ás administracións Autonómica e do Estado, e notificación a terceiros afectados.(art. 49 e 50 RBEL).”

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 23 de xaneiro de 2012, ditamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Iniciar expediente de investigación de oficio da titularidade municipal do camiño sito na parroquia de Valladares neste termo municipal de Vigo, con orixe no camiño Bértolos e remate na estrada do Regueiro, dunha lonxitude de 201 ml, superficie total de 958 m<sup>2</sup>, e sección 5 ml, grafiado no plano de deslinde a escala 1/1000 do Servizo de Cartografía de data 13.12.2011.

Segundo.- Someter polo procedemento regulamentario a información pública o presente acordo, dando traslado do mesmo á Xunta de Galicia e Administración do Estado e notificación aos interesados.

3.3. (5).- DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL CIVIL RESPECTO DA TITULARIDADE DO CAMIÑO DO CASTAÑAL, SAN XOÁN DO MONTE, NÚM. 9. EXPTE. 18947/240 (378/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 14 de decembro de 2011, o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis da concelleira delegada, informa do que segue:

-----  
S. Ordinaria 30.01.12

## “NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

1º.- Da. Josefa Fraga Conde presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 08.06.2010 solicitando a revisión do camiño con fronte á súa vivenda no camiño Castañal, San Juan do Monte nº 9, ao considerar que non se trata dun camiño público senón privado.

2º.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puidesen incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta administración, constando os seguintes:

- Informe da aparelladora municipal de data 22.11.2010 e 13.12.2010.
- Informe do Servizo de Vías e Obras do 25.01.2011.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 08.11.2011.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 22.11.2011.

3º.- Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia á AAVV San Xoán do Monte e aos propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puidesen ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións:

- D. Manuel Expósito Bargiela en data 17.03.2011 e 17.10.2011, opoñéndose á desafectación solicitada ao considerar que é unha vía pública.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles,

-----  
S. Ordinaria 30.01.12



como ramal 1 do camiño Castañaal, con inicio no propio camiño Castañaal e remate en finca particular nº 7, dunha lonxitude de 15 metros e sección media de 2 metros. Ben de dominio público afecto ao uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

2º.- Natureza xurídica de ben de dominio público do R-1 camiño Castañaal. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ao uso xeral ou ao servizo público, así como aqueles aos que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3º.- Carácter do Inventario municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, con suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación Local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ao 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

No entanto, é de salientar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ao uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza polo tanto da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4º.- Respecto á cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ao corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, dedúcese o uso público do camiño de referencia dándose o feito de que consta co servizo público de alumeado instalado, cuxo mantemento ven sendo realizado por esta administración, figurando así mesmo reflectido na planimetría do Catastro.

Se temos en conta que o ordenamento xurídico recoñece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL) podemos concluír que non procede a rectificación inventarial solicitada posto que *prima facie* parece que o camiño de Castañal R-1. é de propiedade municipal e as administracións públicas teñen a obriga de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

5º.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ao exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera administración pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais da orde xurisdicional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

6º.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para adoptar o acordo resolutorio do presente expediente sobre reclamación as vías municipais do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 23 de xaneiro de 2012, ditamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D<sup>a</sup>. Josefa Fraga Conde, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 08.06.2010, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Castañal R-1 recollido no epígrafe I de Viais do Inventario municipal de bens e dereitos.

3.4. (6).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 3/2012, CRÉDITO EXTRAORDINARIO SUBVENCIONS NOMINATIVAS PARA CLUBS DEPORTIVOS DE ELITE. EXPTE. 11088/333 (396/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala na memoria xustificativa de data 12 de xaneiro, formulada polo director deportivo, coa conformidade do concelleiro de Deportes, a situación económica dos clubs deportivos de elite, en base a súas previsións no inicio da tempada deportiva 2011/2012, vese afectada dunha maneira importante ante a imposibilidade de tramitación das subvencións nominativas que inicialmente ten previsto o proxecto do orzamento para o ano 2012, polo que indica a necesidade de proceder a unha modificación orzamentaria por crédito extraordinario.

Visto o anterior, por decreto de data 16 de xaneiro, o Alcalde-Presidente resolveu a incoación do correspondente expediente de modificación orzamentaria para a tramitación dun crédito extraordinario.

En execución da anterior resolución, a concelleira delegada de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, con data 16 de xaneiro formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 20 de xaneiro, a interventora accidental informa favorablemente a

devandita proposta.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 23 de xaneiro, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SR. ALONSO PÉREZ: Se había unha administración que daba seguridade e tranquilidade aos clubs deportivos de elite era o Concello de Vigo que no mandato anterior, en catro anos, garantiu sempre as subvencións aos clubs que cada ano aumentaron progresivamente en función das necesidades e pola valoración que este goberno facía do deporte. Tamén buscamos daquela fórmulas para cubrir as necesidades dos clubs.

Os convenios que o Concello facía particularmente con cada un dos clubs de elite, dábanse porque estes clubs polo orzamento que tiñan necesitaban pedir créditos para aguantar todo o ano. Buscamos unha fórmula de convenio particular entre cada club de elite para lle evitar pagar os xuros e ter o diñeiro con anticipación. O goberno anterior con orzamento aprobado ou prorrogado sempre garantiu a subida da cantidade que os clubs percibían, así como cobrala e empezar o expediente a primeiros de xaneiro. Por primeira vez este ano non se fixo así.

Teño que dicir que o que ven aquí é unha chapuza pero o que o BNG non vai permitir é que os clubs paguen a consecuencia. Imos votar a favor para que os clubs reciban esta cantidade que é a metade do que está presupostado. Pero teño que dicir que é a primeira vez que os clubs de elite non reciben a primeiros de ano o importe destes convenios particulares co goberno. Ademais foi unha iniciativa, penso que imaxinaria pero adaptándonos á lei, para facilitar que os clubs non pagaran xuros.

Imos votar a favor pero quería aclarar esta situación porque penso que é importante que se coñeza.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Chegamos a esta situación de ter que aprobar en sesión plenaria unha modificación de crédito, para que os clubs deportivos de elite desta cidade cobren as súas subvencións por importe de 224.000 euros que saen da partida de festas do verán, pola súa incompetencia política, unha incompetencia debida á súa debilidade como goberno en minoría incapaz de

negociar uns orzamentos que permitirían non ter que chegar a esta situación. Foron os clubs deportivos da cidade os que lle premeron e obrigaron dun xeito que vostedes coñecerán, a ter que adoptar esta decisión que pasa a estar en mans da oposición maioritaria neste Concello. Se esta proposta se aproba ou non será por decisión da oposición. Vostedes terán que asistir como espectadores á nosa decisión para coñecer se os clubs deportivos de Vigo recibirán ou non nun prazo prudencial as súas subvencións. Menosprezáronnos e agora pretenden que lles saquemos a “pataca quente” do forno.

De non saír adiante esta proposta, aínda que logo de escoitar ao responsable do BNG, Sr. Alonso, pensamos que si, a responsabilidade sería única e exclusivamente do Partido Socialista. Vostedes coa súa forma de gobernar e o talante que aplicaron, con criterios que mudan cada dous por tres e onde din “digo” logo din “Diego” e ao revés, gobernan a impulsos e ao sol que máis quenta. Así hoxe teñen enriba das súas cabezas un nubarrón que podería desembocar en tormenta de non escoitar hai uns instantes ao responsable do BNG manifestando que votarían afirmativamente esta modificación de crédito.

As palabras do alcalde ao remate do ano pasado, é dicir, hai un mes, dicindo que o orzamento se aprobaría nunha semana e que só o negociarían co BNG, que confiaba na súa aprobación, atoparon un fronte de declaracións e esixencias que lle obrigaron a retroceder, a enmudecer nas súas pretensións de sacar adiante o orzamento. Hai dous días atopámonos coa novidade de dicir que agora si vai negociar o orzamento e vaillo remitir aos distintos grupos da oposición para seren estudado.

Aqueles pos trouxeron estes lodos, así como outros que iremos coñecendo ao pasaren as semanas. Desvisten un santo para vestiren outro, sácanlle a túnica ao santo das festas e colócanlla ao do deporte.

Como pensan moi pouco e a súa incapacidade de xestión lévaos acotío a realizar modificacións, transferencias de crédito, ampliacións unilaterais de contratos a concesionarias, malgastar o diñeiro público e rexeitar investimentos doutras administracións na cidade, nós aconsellámoslles que mellor lles iría de buscaren o camiño do acordo, do convenio, do diálogo e da negociación.

Chegados a esta situación, dende o Partido Popular preguntámonos se vostedes coñecen o que asinan e o que acordan. Por se o esqueceron, o Partido Socialista,

gobierno minoritario, asinou hai uns meses un novo contrato con Aqualia facendo constar nel a achega dunha cifra anual de 180.000 euros por parte da empresa concesionaria con destino a demandas cidadás en aspectos sociais, culturais e deportivos. Preguntámonos por que non recorreron a esas cantidades para paliar a súa incompetencia no pagamento das subvencións aos clubs. Pódenos e débenos dicir que clubs deportivos se beneficiaron dese diñeiro no ano 2011 e os que se beneficiarán no ano 2012?

Dende o Partido Popular reiteramos que as súas formas e maneiras de gobernar teñen estas consecuencias. Lembren, Sr. Alcalde e señores do goberno, que son só once dos vinte e sete corporativos que ten esta Corporación.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Está claro que entenden pouco da Lei de facendas locais, da Lei de orzamentos e do que é un RD lexislativo. Nin esta concelleira, nin este alcalde teñen capacidade para decidir o que é prorrogable ou o que non nun orzamento, iso decídeo o informe da Intervención que xorde a partir da Lei de facendas locais. É a partir dese informe cando se di que hai partidas que non son prorrogables e entre outras non son prorrogables as partidas das subvencións aos clubs deportivos. Polo tanto é imposible dende o punto de vista lexislativo que o 1 de xaneiro entren en vigor unhas partidas que por lei non son prorrogables.

Este goberno constatando que esas partidas non son prorrogables, o que fixo foi poñer en marcha un mecanismo para salvar aos clubs desta cidade. Por este mecanismo se lles outorga aos clubs o 50% da subvención para que poidan ter diñeiro dispoñible e así facer fronte ás necesidades deportivas. O primeiro que se puxo á cabeza para solucionar os problemas do deporte foi o alcalde, D. Abel Caballero, que incoou este expediente cunha modificación orzamentaria para poder dotar aos clubs de financiamento para facer fronte a estas subvencións.

Laméntoo, Sr. Bernárdez, pero acaba de dicir que o Sr. Louzán da Deputación de Pontevedra é un incompetente, como tamén a Sra. Botella do Concello de Madrid ou o Sr. Conde Roa do Concello de Santiago, entre outros, porque nestes momentos ningún concello ou deputación ten aprobados os seus orzamentos porque ata o 31 de decembro o goberno actual dende Madrid non dixo cales eran as instrucións para levar a cabo un orzamento dunha administración local. Aínda así veu logo o Sr. Montoro e fixo un anuncio de prensa, que non se pode cualificar

máis ca como anuncio, dicindo que cambiaban algunhas das condicións dese famoso Real decreto do 31 de decembro. Polo tanto só os concellos e as deputacións temos constancia a partir do 31 de decembro de cales son as instrucións para facer un orzamento. Con esas instrucións son coas que este goberno está elaborando ese orzamento pero xa lle digo que polo camiño nos marearon e nos mentiron porque nos dixeron que nos ían dar unhas facilidades que logo resulta que non nos van dar.

Nestes momentos que non haxa orzamentos, xa non digo en Vigo senón en ningunha cidade de España e en ningunha deputación, débese á decisión do goberno central de Madrid, á decisión de Rajoy, de facer un documento o 31 de decembro que nos matou a todos os concellos. Ese é o motivo polo que nestes momentos non temos orzamentos na cidade de Vigo e esta é a solución que presentamos para salvar aos clubs deportivos que están pasando por unha situación realmente complicada.

Por iso este goberno se puxo á cabeza de solucionar os problemas deportivos dando financiamento, facendo unha modificación orzamentaria para que o máis axiña os clubs poidan ter financiamento e capacidade de pagamento.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 3/2012 por un importe de 224.000 euros, có desglose e aplicacións que figuran na resolución da Alcaldía-Presidencia do 16 de xaneiro e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, a partida que é obxecto das aplicacións de recursos é a seguinte:

<b>Aplicación</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe a dotar</b>
3410.4890003	Subv. equipo elite Celta feminino atletismo	10.000,00
3410.4890004	Subv. equipo elite Celta masculino atletismo	10.000,00
3410.4890005	Subv. equipo elite D. Bosco	37.500,00
3410.4890006	Subv. equipo elite Academia Octavio	45.000,00
3410.4890007	Subv. equipo elite AMFIV	17.500,00
3410.4890008	Subv. equipo elite Travesas Hockey club	10.000,00
3410.4890009	Subv. equipo elite Ruby club	15.000,00

3410.4890010	Subv. equipo elite Vigo Voleibol	20.000,00
3410.4890011	Subv. equipo elite Xuvenil de Teis Voleibol F	10.000,00
3410.4890013	Subv. equipo elite Federación Peñas el Olivo	15.000,00
3410.4890014	Subv. equipo elite Halcones Béisbol	9.000,00
3410.4890017	Subv. equipo elite Coruxo FC	25.000,00
Total aplicacións a dotar		224.000,00

**Aplicación que cede o crédito**

3380.2260906	Festas de Vigo	224.000,00
--------------	----------------	------------

Segundo.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Terceiro.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Cuarto.- De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

3.5. (7).- DENOMINACIÓN DE “RÚA DO GALVÁN” NA PARROQUIA DE NAVIA.  
EXPTE. 13504/331 (386/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 13 de outubro de 2011, o xefe do departamento de Cultura e Bibliotecas, coa conformidade do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultura, informa do que segue:

“O decreto da Alcaldía do Concello de Vigo, do 13 de xuño de 2011, de delegación de competencias nos concelleiros, establece na Área de Cultura, Festas e Política do Benestar a competencia seguinte, entre outras:

“13. Elevar ao Concello-Pleno, en colaboración cos servizos de Cartografía e Estatística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais



instruíndo, a estes efectos, os expedientes que correspondan.”

O Servizo de Estatística con data 15 de marzo de 2011 informa ao Concelleiro-delegado de Cultura da necesidade de identificar un novo vial na parroquia de Navia que resulta do desenvolvemento do APR A-2-14 do Plan Xeral, e no que se rematarán 42 novas vivendas pareadas.

Con data 26 de setembro de 2011 o servizo de Estatística achega á unidade de Cultura un novo informe no que se identifica o novo vial da parroquia de Navia; acompáñase de informe do servizo de Normalización Lingüística no que se xustifica unha proposta de denominar ao novo vial como “RÚA DO GALVÁN” e infórmase que no ruego municipal non hai ningún espazo público con ese nome.”

Con data 24 de outubro de 2011, a concelleira delegada de Cultura, Festas e Política do Benestar emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do 23 de xaneiro de 2012, ditamina favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Denominar “Rúa do Galván” ao tramo do novo vial da parroquia de Navia que comezará no número 13 da rúa Tomada e rematará no número 27 da mesma rúa.

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se formularon.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, todos os membros da Corporación e máis as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

#### **5.- MOCIÓNS:**

5.1. (8).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E CONCELLO DE VIGO A EXECUCIÓN DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS PARA A CONSTRUCCIÓN DO TÚNEL DE XULIÁN ESTÉVEZ. EXPTE. 385/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xaneiro, número 385/1101, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, formula a seguinte moción:

“Na cidade de Vigo estamos afacéndonos a ver como as infraestruturas máis importantes e necesarias para o desenvolvemento económico da cidade máis importante de Galicia quedan paralizadas durante anos pola falta de acordo entre a administración local e a administración autonómica. Atopámonos con que en 2012 aínda non temos funcionando na nosa ría unha depuradora que tería que garantir o saneamento da nosa ría por cuestións ambientais e económicas, ademais de evitarnos problemas legais, como as sancións por parte da Unión Europea.

Pero o mesmo podemos dicir doutras necesidades para o desenvolvemento económico e social da nosa cidade como o aeroporto de Peinador, a Cidade da Xustiza, o MARCO, o parque de Navia ou infraestruturas en servizos básicos como educación ou sanidade, ben sexan centros educativos, centros de saúde ou mesmo o novo hospital de Vigo. Todas estas accións convértense en asunto de discusión política entre Concello e Xunta con fins unicamente partidistas e electoralistas. E mentres, a cidadanía viguesa agardando.

Nestes momentos de crise económica no que o número de persoas no paro aumenta constantemente, acadando cifras históricas, é hora de rematar con estas dinámicas perniciosas e aproveitar cada oportunidade que lle permita á cidade de Vigo contar con novos polos de desenvolvemento. Este é o caso do túnel de Xulián Estévez.

Este túnel suporía un novo eixo de comunicación entre o centro de Vigo e a Cidade do Mar, contribuindo ao desenvolvemento dun centro de investigación e innovación liderado pola Universidade de Vigo no que traballarían máis de 3.500 científicos cando funcione a pleno rendemento. O Foro Innovación, recentemente realizado na nosa cidade, organizado pola Zona Franca e a Universidade de Vigo, puxo de manifesto a necesidade de apostar pola innovación nunha cidade como a nosa na que existen sectores económicos clave altamente dinámicos e relacionados coa tecnoloxía. De non sacar adiante este proxecto non só estaríamos perdendo unha infraestrutura de comunicación senón que estaríamos ademais hipotecando o desenvolvemento económico futuro da nosa cidade.

Por outra banda, o feito de que este túnel canalizase o groso do tráfico dende o porto ata a saída de Vigo, proporcionaría mellores comunicacións ao porto da cidade desconxestionando o tráfico en Sanjurjo Badía, o que permitiría a mellora da calidade de vida e a recuperación para a veciñanza dun barrio tan castigado polas infraestruturas viarias como Teis, mentres non se transforme a AP-9 en tramo urbano e non se rematen as obras do AVE.

A situación actual é que logo de asinado o convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, en data de trinta de decembro de 2008, no que ambas administracións se reparten os custes desta infraestrutura, agora mesmo o proceso de adxudicación da redacción do proxecto, logo de múltiples atrasos, está paralizado. Presentáronse 20 propostas que foron examinadas pola mesa de contratación da Xerencia de Urbanismo pero a día de hoxe aínda non se adxudicou a obra.

Nos orzamentos para 2012 da Xunta de Galicia contéplanse 1,18 millóns de euros destinados á construción do túnel de Xulián Estévez pero ben sabemos, tralo anuncio do goberno autonómico de posibles novos recortes orzamentarios nos vindeiros meses, que esas partidas corren o risco de desaparecer de non realizar o Concello de maneira inmediata o trámite de adxudicación do proxecto.

Atopariámonos así cunha nova historia de nunca acabar en Vigo na que Concello e Xunta se responsabilizan mutuamente da paralización de obras fundamentais para o desenvolvemento da nosa cidade e, xa que logo, para a creación de emprego.

Por todo isto, propoñemos ao pleno da corporación o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia e ao Concello de Vigo á execución inmediata dos compromisos adquiridos no convenio asinado entre ambas administracións para a construción do túnel de Xulián Estévez.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 19 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Grazas a todas e todos e grazas ás persoas que están facendo as súas prácticas na interpretación en linguaxe de signos.

Dende o BNG presentamos esta moción porque estamos vendo como nos últimos tempos, por desgracia, as grandes infraestruturas necesarias para o desenvolvemento da nosa cidade son paralizadas unha e outra vez, xa non pola crise económica, que ultimamente é a escusa para paralizar absolutamente todos os investimentos e mesmo para garantir os servizos públicos dos que temos obriga de responder as administracións, senón que ademais vemos como

constantemente os desencontros entre distintas administracións, especialmente entre as administracións local e autonómica, adían unha e outra vez constantemente, con moitas dificultades para atopar unha saída e para poder poñelas en marcha.

Atopámonos como na nosa cidade podemos falar da Cidade da Xustiza, da depuradora, do MARCO, de Peinador e sempre nos atopamos con dúas administracións botándose a pelota unha á outra, botándose as culpas sen asumir responsabilidades e cada unha destas infraestruturas convértese nun auténtico folletín durante anos e anos e finalmente non se ofrecen solucións á nosa cidade, á cidade máis importante de Galicia, á cidade que ten que ser o motor económico. A cidade na que se ten que investir para saír desta crise ve paralizados os proxectos máis importantes. Dalgúns deles imos falar tamén ao longo do Pleno de hoxe como facemos cada mes neste Concello.

Traemos esta moción porque nos trememos que un proxecto tan importante, unha das poucas infraestruturas realmente importantes e decisivas para esta cidade que temos agora pendente, que temos por diante, como é o túnel de Xulián Estévez vaise converter nun novo folletín na nosa cidade.

Estamos falando non só dun túnel para que os coches deixen de pasar en superficie, senón que estamos falando dun túnel que realmente supón o desenvolvemento dun polo de atracción económica e investigadora fundamental na nosa cidade. Estamos falando do eixe de comunicación entre Vigo e a Cidade do Mar.

A Cidade do Mar sería un centro de investigación e innovación liderado pola Universidade de Vigo na que está previsto que no seu momento, no cumio do seu funcionamento total, participen máis de 3.500 científicos. No foro Innovación que se realizou hai pouco na nosa cidade, vimos como precisamente este era o camiño para o desenvolvemento económico da nosa cidade, a tecnoloxía, a investigación, para as que realmente temos capacidade.

Ademais evidentemente suporía a mellora das condicións de vida da xente do barrio de Teis porque estaríamos eliminando tráfico pesado dunha rúa como Sanjurjo Badía por exemplo, nun barrio especialmente afectado polas infraestruturas. Sabemos que Teis é un barrio totalmente dividido polo camiño de ferro, pola autoestrada e mentres non sexa esta unha comunicación urbana vai

seguir sufrindo o tráfico pesado. O túnel de Xulián Estévez realmente axudaría a mellorar as condicións de vida do barrio de Teis.

A realidade é que hai un convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo dende 2008 e aínda non se comezou a facer absolutamente nada. Estamos falando de que aínda non se comezou nin sequera coa redacción do proxecto. Para a redacción do proxecto a Xunta de Galicia tiña previsto dedicar 1.100.000 euros, foron adiados constantemente os compromisos e está sen adxudicar. Houbo un concurso para a redacción do proxecto, houbo unha xuntanza da Mesa de Contratación da Xerencia de Urbanismo para escoller unha das proposta das vinte que se presentaron, hai unha proposta escollida pero non se lle deu trámite á adxudicación da redacción do proxecto. Estamos falando xa de 1.100.000 euros que podemos perder de non se adxudicar a redacción do proxecto.

Logo falaremos da execución do proxecto, pero hoxe nos imos quedar con falar da redacción do proxecto. O que nós pedimos aquí é que se lle dea realmente trámite e se asuman os compromisos adquiridos polas dúas administracións xa en 2008. Estamos en 2012, temos que adxudicar xa a redacción do proxecto para poder comezar a obra e dar a esta cidade unha infraestrutura tan importante como é o túnel de Xulián Estévez.

Avisamos agora: non queremos que esta infraestrutura se converta nun folletín máis desta cidade, non queremos que sexa o novo debate, que se substitúa a Cidade da Xustiza polo túnel de Xulián Estévez. Queremos que se execute xa.

SRA. SILVA REGO: Sra. Veloso, na exposición de motivos da moción que hoxe presenta vértense afirmacións ou apreciacións que son incorrectas porque en Vigo as infraestruturas non están nin estiveron paralizadas por incumprimentos ou falla de xestión deste goberno municipal ou do anterior. É a Xunta de Galicia quen incumpre prazos, atrasa os proxectos ou os cambia polo camiño sen dar explicacións, négase a financiarlos ou retira o financiamento. Esta é a realidade. Este goberno ten unha plena disposición a colaborar con todas as administracións. Exemplo diso é a recepción do parque de Navia que se levou á última Xerencia de Urbanismo; non a aceptamos antes porque as deficiencias que detectaran os técnicos eran moi graves. Este goberno xa nunca máis vai

admitir recibir infraestruturas que estean en malas condicións porque do que se trata é de defender os intereses de Vigo.

Esta é a postura que sostén a actuación do goberno municipal en cada un dos casos que vostedes citan na súa moción: é o caso do MARCO, do aeroporto, da depuradora, dos voos a Vigo que non son subvencionados mentres que si o son os de Santiago.

Sra. Veloso, hai que deixar claro que os convenios asinados no seu día por corporacións do Partido Popular non levaban un estudo de financiamento dos compromisos que tiña que cumprir o Concello. Así nos vai. A falla de responsabilidade que amosaron estaba detrás dun único obxectivo: saír en fotos e dar publicidade a convenios para que Concello asumira custes que non lle correspondían porque as competencias eran da Xunta de Galicia. Deste xeito o que se perseguía, a hipoteca que se lle deixaba a esta cidade, era que os cidadáns de Vigo fosen os que pagasen as infraestruturas que estaban ao servizo non só de Vigo, senón de toda a área metropolitana e que se asumiran custes que tiña que asumir ao 100% quen tiña a competencia.

Por certo, agora xa sabe o Partido Popular que o propio ministro responsable destas cuestións coida que é un moi grave erro que os concellos asuman competencias impropias que non lles corresponden.

No tocante ao túnel de Xulián Estévez ten vostede toda a razón, eu doulla porque é unha infraestrutura fundamental, pero o que ocorre é que dende xuño que eu fun responsable de Urbanismo dirixinme á directora xeral da Xunta para lle pedir unha reunión para que me confirmara que hai partidas porque o subdirector da Xunta me confirmou que non había partida, que o diñeiro para a redacción do proxecto non estaba consignado nos orzamentos da Xunta.

Lémbrolle que o convenio quedou aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local en agosto de 2009. En outubro do mesmo ano a Xunta dirixiuse a este Concello dicindo que prepara un novo reparto de anualidades e que quere atrasar os prazos. Non contentos con iso, o 20 de maio de 2010 o Concello iniciou o proceso de contratación do proxecto e a Xunta enviou unha segunda addenda para cambiar de novo anualidades e atrasar o pagamento cando xa estaba en proceso a contratación.

É verdade que nós cumprimos co noso traballo. En xullo de 2011 tomamos unha

decisión de adxudicación que non podemos cumprir porque, se a Xunta non nos confirma a partida, este Concello tería que facer fronte a eses 1,8 millóns de euros que ten que pagar a Xunta. Este Concello nunca máis vai cometer este tipo de actuacións que fan que os cidadáns teñan que pagar o que lle corresponde á Xunta.

Polo tanto, consciente de que vostede ten razón, de que hai que facer ese túnel, pídolle que sumemos esforzos para lle esixir á Xunta que o faga.

SR. FIGUEROA VILA: Serei moi breve porque coido que este asunto xa está máis ca debatido.

Nós imos votar a favor desta moción para instar á Xunta de Galicia e ao Concello de Vigo á execución inmediata dos compromisos adquiridos no convenio asinado entre ambas administracións para a construción do túnel de Xulián Estévez. Coido que é o que procede porque hai un documento asinado onde o Concello ten uns compromisos e a Xunta outros.

Consideramos que o túnel de Xulián Estévez é importante e eu faría unha matización, non só para a Cidade do Mar como dicía a Sra. Veloso, senón tamén para os veciños e veciñas de Teis no seu conxunto e sobre todo para que o desenvolvemento que se vai facer na zona da ETEA cumpra cos requisitos e as demandas da veciñanza de Teis.

Parécenos que no acordo que no seu día se asinou entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia están perfectamente definidas as competencias de cada unha das administracións. Hai unha competencia clara de licitación do proxecto do túnel de Xulián Estévez por parte do Concello que, diga o que diga a voceira do Partido Socialista, a día de hoxe non se fixo, hai un incumprimento claro do Concello de Vigo que unha vez máis non fai o seu traballo, nin os seus deberes. Non saben xestionar.

Nós imos votar a favor porque hai que facer o túnel de Xulián Estévez e só dicirlles aos veciños e veciñas de Vigo que neste convenio están os compromisos de cada quen e nós queremos que tanto a Xunta como o Concello de Vigo asuman os seus.

SRA. VELOSO RÍOS: Tamén comentara eu a necesidade deste túnel para mellorar

as condicións de vida da veciñanza de Teis, pero igual non estaba o Sr. Figueroa no Pleno nese momento e non me escoitou.

Non hai máis ca ver os orzamentos de 2012 da Xunta por veren se está ou non a partida. A partida está nos orzamentos da Xunta que se aprobaron xa no Parlamento galego, non hai máis ca mirar. Agora ben, tamén sabemos que o goberno galego xa anunciou que para o mes de marzo vai haber recortes. Se non se adxudica a redacción do proxecto será unha das partidas que desapareza evidentemente. Para que van manter 1.100.000 euros para algo que non está feito, cando xa non manteñen nin os euros que son necesarios para cousas que si están feitas e para servizos básicos. Entón xa podemos contar con que se isto non se soluciona vai desaparecer esa partida a pouco tardar, máis cedo que tarde. Iso está claro.

O convenio é do 2008 pero a Xerencia Municipal de Urbanismo deste Concello enviou unha carta asinada polo alcalde, o 14 de setembro de 2009, pedindo que se adiasa a aplicación orzamentaria porque non estaba tramitado o concurso da redacción do proxecto. Pídese que se adíe ata o ano seguinte porque non se pode xustificar en tempo. Iso dá lugar a unha addenda do convenio que fai que se traslade ao ano seguinte a aplicación orzamentaria pero logo, o 23 de xullo de 2010, se lle volve pedir o mesmo. Hai unha carta asinada o 23 de xuño de 2010 polo daquela delegado de Urbanismo, D. José Manuel Mariño Mendoza, dicindo que: "Tendo en conta o estado de tramitación do expediente de contratación, o prazo total de execución previsto de nove meses e que a primeira fase de execución do contrato valorada en 200.000 euros non se pode certificar antes do 31.12.2010, solicítase da Dirección Xeral de Infraestruturas o traslado da anualidade de 2010 de 500.000 euros ao ano 2011, engadíndose o importe existente de 600.000 euros".

Foron solicitándose atrasos cada ano. Esa é a realidade. Estamos en 2012, está sen rematar a tramitación do expediente, non está adxudicada a redacción do proxecto e temos a ameaza dun goberno que está recortando orzamentos por todas partes de facer desaparecer a partida que aínda consta nos orzamentos da Xunta pero por moi pouco tempo. Esa é a realidade.

Con esta moción o que nós queremos é que se manteña a partida orzamentaria dentro dos orzamentos da Xunta e que o Concello adxudique dunha vez a



redacción do proxecto do túnel de Xulián Estévez porque senón imos quedar unha vez máis sen unha infraestrutura e teremos dúas administracións, a local e a autonómica, gobernadas por dous partidos políticos diferentes, aforrándose investimentos sen investir na nosa cidade para se poder meter en leas políticas dun partido contra o outro.

Emenda de substitución presentada en escrito de data 30.01.12, pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego:

Instar á Xunta de Galicia a que aclare as partidas previstas para o financiamento do proxecto de execución da obra do túnel de Julián Estévez.”

*A anterior emenda non se somete a votación.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, instando á Xunta de Galicia e ao Concello de Vigo a execución inmediata da construción do túnel de Julián Estévez, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2. (9).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA A ATENDER AOS DESEMPREGADOS DE VIGO E CONCEDER PLANES PARA 2012. EXPTE. 388/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xaneiro, número 388/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“A Comunidade Autónoma de Galicia, por RD 1375/1997 do 29 de agosto e RD 232/1998 do 16 de febreiro, recibe as transferencias da xestión e dos servizos de

emprego, da xestión realizada polo INEM no ámbito de traballo, o emprego e a formación.

En virtude desta transferencia, a Xunta de Galicia concentra todas as políticas activas de emprego en Galicia, sendo esta administración a única xestora destas políticas, dos seus programas e funcións no territorio de Galicia.

Galicia é a segunda comunidade autónoma onde máis crece o número de desempregados alcanzando os 250.000 en decembro do 2011, tras case tres anos do Goberno do PP. Como consecuencia dunha política económica inexistente, con falta de investimentos, coa redución dos presupostos destinados á políticas activas de emprego e cunha utilización *clientelar* destes fondos.

Nos presupostos da Xunta de Galicia de 2011, hai partidas que non se executaron na súa totalidade e no caso das escolas taller, as súas partidas sufriron unha redución do 61% con respecto ao 2010, e do importe restante nin sequera se fixo convocatoria.

En Vigo, o goberno local presidido polo Alcalde Abel Caballero, está aplicando políticas *keynesianas*, coa finalidade de mellorar a creación de emprego conseguindo ser un dos únicos concellos onde o número de parados descendeu o pasado mes de decembro, a pesar da falta de investimentos da Xunta de Galicia, entre outras, en políticas activas de emprego. En concreto, o Concello de Vigo solicitou en 2011 os seguintes proxectos:

- Promoción da actividade de sociedades cooperativas
- 2 Escolas taller
- Un programa integrado de emprego de Galicia (PIEG)

Os tres proxectos foron denegados. En 2012 volverémolos solicitar xunto con outros proxectos como a contratación de desempregados a través de Corporacións Locais, orientación laboral e a formación profesional para traballadores desempregados.

Ante esta falta de compromiso da Xunta de Galicia propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a que atenda aos desempregados de Vigo, como é a súa responsabilidade e competencia, concedendo os programas que se solicitarán en 2012, atendendo no seu reparto ao número de habitantes e de desempregados en cada Concello.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do día 23 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Unha vez máis temos que traer a este Pleno

unha moción para que o Partido Popular e a Xunta de Galicia, presidida polo Sr. Feijóo, atendan aos desempregados e desempregadas de Vigo.

Neste caso queremos reiterar algo que veñen negando o Partido Popular e o Sr. Núñez Feijóo de forma sistemática porque a comunidade autónoma de Galicia por RD de 29 de agosto e RD de 16 de febreiro, recibe as transferencias dos servizos de emprego pola xestión realizada polo INEM no ámbito do traballo, do emprego e da formación. En virtude desta transferencia a Xunta de Galicia concentra todas as políticas activas de emprego en Galicia, sendo esta administración a única xestora destas políticas, dos seus programas e funcións no territorio de Galicia. Para que non quede ningunha dúbida cando nos mintan dicindo que non teñen competencias en emprego, haberá que se remitir a estes dous decretos.

Dende que goberna o Partido Popular e o Sr. Núñez Feijóo na comunidade autónoma de Galicia, esta comunidade é a que máis crece no número de desempregados acadando os 240.400 en decembro de 2011, tras case tres anos de goberno do PP e como consecuencia dunha política económica inexistente, con falla de investimentos, coa redución dos orzamentos destinados a políticas activas de emprego e cunha utilización *clientelar* destes fondos. Salientar que dende que goberna o Partido Popular co Sr. Núñez Feijóo en Galicia todos os días hai 150 desempregados ou desempregadas máis.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia de 2011 vemos que hai partidas que non se executaron na súa totalidade. No caso das escolas-taller temos que as súas partidas sufriron unha redución do 61% con respecto ao 2010 e do importe restante nin sequera se sacou a concurso. É dicir, no 2011 non se sacaron a concurso nin os obradoiros de emprego, nin as escolas-taller.

Pola contra, en Vigo o goberno local presidido polo alcalde, D. Abel Caballero, está aplicando políticas keynesianas coa finalidade de mellorar a creación de emprego porque é a nosa prioridade, estamos envorcados en que en Vigo teñamos unha mellor oportunidade para a economía e para o emprego. É máis, no mes de decembro Vigo foi un dos dous concellos da comarca onde se reduciu o número de parados e todo iso malia a falla de investimentos da Xunta de Galicia en políticas activas de emprego entre outras.

En concreto o Concello de Vigo solicitou en 2011 un programa de promoción da actividade de sociedades cooperativas, tamén dúas escolas-taller, unha delas a

escola Mar de Vigo que viña sendo tradición en formación de mozos e mozas, tanto en reparación e construción de embarcacións tradicionais, como en laminado de fibra de poliéster. Así mesmo un programa integrado de emprego. Teño que dicir aquí que eses tres proxectos se denegaron aínda que había fondos, porque malia os recortes non sacaron a concurso eses proxectos seguramente para con eses cartos do emprego abordar gastos en publicidade e propaganda. No ano 2012 volveremos solicitar eses proxectos xunto con outros como a contratación de desempregados a través de corporacións locais, orientación laboral e formación profesional para traballadores e traballadoras desempregados.

Ante esta falla de compromiso da Xunta de Galicia o Grupo municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación o seguinte acordo: Instar á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia que atenda aos desempregados e ás desempregadas de Vigo como é a súa responsabilidade e competencia, concedendo os programas que se solicitarán en 2012, atendendo no seu reparto ao número de habitantes e ao número de desempregados en cada concello.

SR. ALONSO PÉREZ: O peor que pode facer un goberno é non exercer. O Partido Popular dende que está ao fronte da Xunta de Galicia, no problema máis importante que temos os galegos e as galegas, no problema do desemprego, non tomou nin unha soa iniciativa en positivo, estivo durante os case tres anos que leva ao fronte do goberno botándolle a culpa ao goberno do Estado e non tivo nin unha soa iniciativa no problema máis importante que teñen os galegos e as galegas. O peor que pode facer un goberno é non exercer. Cando o goberno galego actuou foi para destruír emprego, para favorecer a amigos destruíu milleiros de empregos.

O goberno anterior tiña iniciado un proceso dun concurso eólico que condicionaba a proposta á creación de emprego a aqueles que levaban os megavattios. O Partido Popular paralizou o proceso dicindo que era ilegal e deulle o concurso eólico aos seus amigos. O Tribunal Superior de Galicia di que o concurso si era legal e agora o seu goberno do Estado ameaza con paralizar as primas ás renovables. Non actúa xamais no problema máis importante e cando actúa destrúe emprego. Iso é o que está facendo o Partido Popular na Xunta de

Galicia, 72.000 fogares galegos teñen todos os seus membros en paro, o 31% máis ca hai un ano. En Vigo 36.100 desocupados.

O BNG manifestou que como este é o problema máis importante que ten Galicia e que tamén ten Vigo, é unha condición para cambiar os orzamentos da proposta que nos fai o goberno actual da cidade do Partido Socialista. Non estamos de acordo co borrador de orzamentos que nos presentaron porque non contempla partidas para o problema máis importante. Os gobernos da Xunta e local non teñen iniciativas para o principal problema que ten a cidadanía.

Coido que ao Sr. Núñez Feijóo se lle rematou seguir mirando cara Madrid, ten que actuar xa. En Vigo o sector naval está sen construír, había o problema do Tax-lease e o problema era de Madrid. Agora están os seus amigos en Madrid e son incapaces de solucionaralo. Vulcano ten unha ameaza o día 13 se non se toma unha decisión cos acredores, PYMAR, o goberno do Estado e o goberno da Xunta e o Partido Popular é incapaz de tomar iniciativas no principal problema que ten a sociedade.

Imos votar favorablemente esta moción do Partido Socialista aínda que hai aspectos cos que non coincidimos ao 100%. Pensamos que nestes momentos non é o máis importante a formación, senón que o máis importante é investir en contratación, os mozos e mozas o que queren son contratos, queren traballar, moitos están xa suficientemente formados. A formación é un complemento pero nunha situación de máis de cinco millóns de desempregados en todo o Estado é no emprego onde os gobernos da Xunta, do Estado e de Vigo teñen que poñer o principal dos seus orzamentos.

Como digo imos votar a favor e imos seguir insistindo en que mellore o orzamento da cidade coas propostas do BNG para conseguir diñeiro para o emprego. A Xunta de Galicia que deixe de facer propaganda, que deixe de culpar ao goberno do Estado e que empece a exercer xa como un goberno que dea resposta ao que queren os cidadáns. Que traballe para paliar o desemprego e que non traballe para os seus amigos, que non lles mande concursos eólicos para repartir os megavatios e paralice a posibilidade de crear emprego en Galicia.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Comezarei a miña intervención utilizando unhas palabras que dixo o concelleiro, Sr. Alonso Pérez: "O peor que pode facer un goberno é non

exercer". A iso é ao que estamos acostumados no Concello de Vigo. O goberno de Vigo non exerce e pretende que a Xunta lle solucione a papeleta en absolutamente todas as áreas de goberno. A Xunta paga e vostedes cólganse a medalla. Iso non pode ser así porque vostedes teñen unha responsabilidade de goberno, levan case cinco anos gobernando nesta cidade e a realidade é que os datos do paro son arrepiantes en case todas as áreas.

Hai unha absoluta falla de xestión, de rigor, de seriedade e compromiso cos cidadáns. Cando o emprego é o máis importante, é a prioridade de todos os gobernos locais de Galicia e do resto de España, vostedes non están a facer absolutamente nada. O único servizo que ten o Concello de Vigo en materia de emprego son tres orientadoras laborais que paga a Xunta de Galicia. O Concello de Vigo non ten ningún servizo de intermediación laboral, nin de apoio a emprendedores, nin información para cooperativas.

Unha persoa que queira montar unha empresa na nosa cidade non ten servizo de información. É unha concellería que está totalmente morta, non ten nada. Invítoos a que vaian polo cuarto andar por veren que a información que teñen é do traballo doutros concellos. Vaian O Porriño e observen o traballo que fan alí co seu plan de emprego, un plan ao que dedicaron catro millóns de euros. O plan de emprego de O Porriño emprega catro millóns de euros de fondos propios cun orzamento de vinte e tres millóns de euros, dedícanlle ao emprego un 23% do seu orzamento. O Concello de Vigo dedica un 1% a emprego. Deberíaselles caer a cara de vergoña cando pretenden que a Xunta de Galicia lles veña solucionar coma sempre a lea a vostedes cando non son quen de facer nada, nin de poñer o diñeiro enriba da mesa para o traballo que hai que facer, que llo veñan poñer os demais.

Con respecto ás actividades para cooperativas, infórmolles que o diñeiro non se foi ás actividades que a vostedes lles encantan: sensibilización, actividades..., todo iso que se perde onde poden poñer "Alcaldía" nun papeliño. Direilles que o diñeiro da Xunta para iso elimínase en todos os concellos e destínase directamente á creación de novas cooperativas e para a contratación de persoal para elas.

En canto aos programas integrados de emprego, dende o ano 2010 non recibimos nin un só euro do goberno central do Sr. Rodríguez Zapatero, do

gobierno socialista. Malia todo a Xunta de Galicia segue poñendo o diñeiro enriba da mesa. O programa presentado por Vigo é pobre, sen innovación, sen achega de recursos propios e cun nivel de inserción dun 35%, o mínimo.

É evidente que se vostedes non traballan ninguén lles vai regalar nada. O diñeiro da Xunta que din na súa moción que foi para concellos afíns, foi para: CES-UXT: 66.000 euros, DEFO: 48.000 euros, Asociación de Empresarios Discapacitados: 29.000 euros, Fundación Altedia Create: 90.000 euros, Fundación Galega do Metal, FORMEGA: 55.000 euros, UXT: 56.000 euros... Non quero seguir facendo o relatorio, isto está publicado e como ven non ten nada que ver con concellos afíns como poñen na súa moción.

Afirman vostedes que non teñen competencias en materia de emprego, entón, como no ano 2007 o Sr. Caballero prometeu pleno emprego na cidade de Vigo? Como promete pleno emprego en Vigo cando vostedes non teñen competencias en materia de emprego? Cren que somos parvos.

En Vigo reduciron o orzamento en materia de emprego un 20%. Non hai absolutamente ningún servizo. Eu invito aos cidadáns a que vaian ao cuarto andar a solicitar información sobre axuda para crear unha empresa e verán como o traballo que fixeron vostedes é absolutamente nulo e o único servizo que hai neste Concello está pagado pola Xunta de Galicia.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Sra. García Míguez, cústame debater con vostede porque non coñece o tema e nin sequera se documentou. Dígolle cariñosamente e de verdade que fala de “loro” e non sabe nin do que fala.

O goberno do Sr. Rodríguez Zapatero aportou en 2012 a cantidade de 229.428 euros máis ca en 2011. Despois pasareille os datos para que saiba onde buscar e así sería máis interesante o debate. A Xunta do bipartito do goberno socialista-BNG achegou 164 millóns, mentres que o que propón a actual Xunta para este ano son 79 millóns de fondos propios. Pero aínda non quedaron aí os recortes porque está falando o Sr. Núñez Feijóo de facer máis que é o que saben facer. Como tamén saben rebaixar os programas de subvencións para contratación indefinida de discapacitados nun 74%, aínda que estes son os que máis dificultades teñen para atopar emprego. Iso é o que fan vostedes.

O grave é que vostede ven aquí xustificar unha política errática que dá as costas

aos parados e paradas, especialmente aos de Vigo.

Os programas que se desenvolveron aquí coa Xunta de Galicia, como o PIEG, Plan Integral de Emprego de Galicia, acadaron o 65% de integración; os de Mos non acadaron nin o 35% e sen embargo repetiron, déronlle outro e outro. Iso é o que non se pode facer.

Vostedes teñen que defender a esta cidade, defender aos desempregados e desempregadas desta cidade, teñen que conseguir que se retome o reparto por número de parados e número de habitantes como había antes. Aquí para contratación directa, como dicía o Sr. Alonso, había 1.800.000 euros da Xunta de Galicia; este ano non hai nin medio millón de euros. Esta é a realidade, isto é darlles as costas aos parados e ás paradas.

Vostedes teñen que defender esta cidade, téñenlle que pedir á Xunta de Galicia que achegue diñeiro en Vigo. Non son vostedes concelleiros nin de Mos nin do Porriño, son concelleiros de Vigo e teñen que defender ás persoas desta cidade.

Ao mellor teñen que explicar que eses fondos tiveron que ir para a Fundación do Porto, que non son capaces de explicar onde gastaron os cartos que meteron alí. Ou tamén explicar o cartel que teñen no edificio de “La Gota de Leche” onde non hai ningunha actividade pero o cartel coa propaganda xa está colocado. Iso é o que fan vostedes.

Por último dicirlle que ten un dato errado porque no cuarto andar hai oito orientadores laborais dos que tres os financia a Xunta de Galicia nun 65%. Sra. García, ve como non se decata?

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, acórdase:

**ACÓRDASE:**



Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, instando á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia atención para os desempregados de Vigo e concesión dos programas solicitados, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3. (10).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A NON INCREMENTAR AS TARIFAS DAS GARDERÍAS PÚBLICAS SENÓN CONXELAR OS PREZOS. EXPTE. 394/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de xaneiro, número 394/1101, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Díaz Vázquez, formula a seguinte moción:

“Os distintos medios de comunicación recollen a nova de que o Consello da Xunta aprobou un incremento medio dun 19,2% das taxas que se aplicarán nas escolas infantís públicas (“Galiña Azul”) que entrarán en vigor o vindeiro curso lectivo escolar. Esta medida inicialmente provocará que polo menos unha de cada dúas familias viguesas con nenos/as usuarios/as de escolas infantís autonómicas (0-3 anos) terá que pagar esta subida de taxas.

Aínda que estas novas taxas serán de referencia para aqueles concellos que contan con subvencións do goberno autonómico para o mantemento dos seus equipamentos de escolas infantís municipais de 1º ciclo de educación infantil, como é o caso de Vigo, esta última administración local, consciente das dificultades do momento actual para moitas familias viguesas, ten adoitado o acordo, a través da súa correspondente ordenanza de tributos e prezos públicos para 2012, de conxelar as taxas para este ano 2012 pola prestación deste importante servizo público de atención educativo-asistencial á infancia da nosa cidade, determinante para conciliar vida laboral e familiar dos cidadáns vigueses usuarios das citadas escolas infantís.

O Grupo Municipal Socialista está en contra de este incremento de tarifas nas garderías públicas que pretende aplicar a Xunta de Galicia e é por isto polo que propoñemos ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que non incremente as tarifas das garderías públicas e as conxele ao igual que fixo a administración local de Vigo nos equipamentos que integran a Rede de Escolas Infantís Municipais.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do día 23

de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O mércores 25 de xaneiro, hai menos dunha semana, espertábamos cun novo susto para os petos dos galegos e tamén para a educación pública de toda Galicia, porque o 25 de xaneiro se publicaba o Decreto da Consellería de Traballo e Benestar polo que se incrementaban as taxas das garderías infantís. O que saía nos xornais era que a taxa media se incrementaba nun 20%. Isto é totalmente falso porque abonda con ler o RD de xaneiro e o RD anterior e comparar as táboas. Pódese ver que se antes o prezo do comedor era de 33 euros e agora pasa a 70, os prezos dóbranse; que se antes o prezo da gardería sen comedor era de 110 euros e agora é de 160 é que se incrementa nun 45%; que se os prezos con comedor pasan de 143 a 230 euros é que o incremento é dun 61%.

Á parte de mentir unha vez máis, a Xunta de Galicia está de novo facendo unha política de claro ataque á educación pública porque estamos falando de cativos de 0 a 3 anos e de familias viguesas que agora van ter que pagar máis de 100 euros ao mes por ter aos cativos nas garderías. Estamos falando da cidade de Vigo, dos nenos que están na escola infantil de Rosalía de Castro en Coia, na de Relfas en Sárdoma, na de Bouzas, na de Caeiro en Cabral, na da rúa Palencia ou na de Valladares. Estamos falando de catrocentas familias que se van ver afectadas porque agora van ter que soltar dos seus petos cen euros máis ao mes por teren o cativo na gardería.

Pero non só iso, senón que ademais se o cativo non paga, a máis de perder a praza, vaise acudir aos pais por medio da vía de constrinximento. Si, é unha verba tan rara que ás veces pasa desapercibida, pero significa que lles van reclamar os cartos pola vía executiva, que lles van embargar os salarios, as nóminas, as contas correntes e polo tanto van deixar á súa familia sen cartos. De novo, se non pagan o comedor van ter que sacar ao neno del.

Estamos falando de que a Xunta de Galicia acaba de decidir que moitas familias viguesas (falamos de catrocentas que están matriculadas na cidade) van ter que pagar case cen euros máis todos os meses por ter os cativos de 0 a 3 anos escolarizados nunha gardería da Xunta de Galicia. Esa é a política que fai o Partido Popular en educación, é o que defende os servizos públicos.

Hai uns meses este goberno trouxo aquí as ordenanzas municipais onde contemplábase unha actualización das taxas de acordo co IPC, pero precisamente nesa actualización de taxas non entraban as garderías infantís. Ás garderías infantís non se aplicou nin un só euro de subida, quedaron esas taxas absolutamente conxeladas durante todos os anos que este goberno, tanto anteriormente co BNG, como agora, decidiu manter e non tocar para nada as taxas das garderías infantís. Naquel debate o Partido Popular que estaba en contra dicía que como se ía actualizar o IPC nas outras taxas, dicía que non era momento de subir os impostos e as taxas e que habería que facer unha profunda reflexión. Está claro que na Xunta de Galicia non reflexionaron porque o primeiro que fixeron foi subir os impostos e agora subir as taxas para os nosos cativos e cativas na cidade de Vigo.

Asómbrame a actitude do Partido Popular de Vigo porque xa se leva falando e ameazando coa subida das taxas municipais dende o verán e agora o fan eles en xaneiro para que entren en vigor en setembro. Pero aínda máis, poñen tamén que os concellos que teñan algunha subvención da Xunta de Galicia se poidan acoller a estas taxas. É dicir, mañá pode vir un concello decidir que incrementa tamén as taxas nesta contía que lle está poñendo a Xunta. Estanlles dando cancha a todos os concellos do Partido Popular para que incrementen esas tarifas dos rapaces e rapazas.

Como para nós isto é absolutamente inconcibible, é unha absoluta irresponsabilidade, traemos esta moción para que a Xunta de Galicia non poña en marcha esa subida de taxas, que a retire e aplique unha porcentaxe do 0% que é o que está aplicando nestes momentos e o que leva aplicado durante os últimos anos o goberno municipal. Agora atopámonos con que un neno que vai a unha escola infantil municipal fronte un neno que vai unha escola da Xunta, o da Xunta vai pagar o dobre do que paga o da escola municipal.

A PRESIDENCIA: Presentouse unha emenda de engadido polo Grupo do BNG que di: “Instar á Xunta de Galicia a paralizar os procesos de privatización das escolas infantís”.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente as escolas infantís, ademais de cubrir unha

etapa de formación e escolar dos nosos cativos e cativas, todo o mundo estamos de acordo e así o expresou o Partido Popular no Pleno deste Concello en múltiples ocasións, son unha ferramenta de conciliación da vida familiar e laboral imprescindible en moitas familias para poder desenvolver o seu traballo e ademais ter aos seus nenos e nenas en lugares onde sexan correctamente atendidos e estimulados nunha etapa da vida tan importante.

O Bloque Nacionalista Galego cando gobernaba na Xunta de Galicia fixo un esforzo moi importante por establecer esta rede pública galega de centros de educación infantil de 0 a 3 anos en cooperación cos concellos galegos. Abrimos así unha cantidade importante de escolas infantís en todo o país que entendemos que seguen a ser unha ferramenta necesaria e fundamental para a educación dos nosos cativos e cativas e para a conciliación da vida laboral e familiar.

A realidade é que dende que chegou o Partido Popular ao goberno da Xunta de Galicia, moitas desas escolas infantís que estaban xa construídas ou previstas para abrir, atrasáronse; moitas delas non están rematadas e algunhas rematadas non se abriron. Todo este proceso de apertura de prazas de escolas infantís en todo o país foise paralizando ata a situación na que nos atopamos agora na que non só non se abren novas escolas infantís, senón que ademais vemos como se soben os prezos que teñen que pagar os pais e nais do noso país nestas escolas infantís e ademais se privatiza o servizo rebaixando a calidade e poñendo en perigo un servizo público fundamental. Vemos como os prezos soben efectivamente de 110 a 160 euros, un 50%, e un 112% no caso do servizo de comedor como xa explicaba a Sra. Díaz.

É curioso, o mesmo Partido Popular que aquí pedía que se conxelasen as taxas e os impostos municipais, que non acepta unha suba do IPC de abril a abril, na Xunta de Galicia para un servizo público cuxas taxas aquí si se conxelaron, aplica un incremento no IPC dende 2002 que non de abril a abril. Ademais esta medida inicialmente ía afectar ás familias cunha renda inferior a 1.500 euros, pero se decidiu rebaixar e agora afecta a familias con rendas inferiores a 1.200 euros. É dicir, persoas con 1.200 euros pasan de pagar 110 euros a pagar 160 euros pola gardería e polo comedor de 33 a 70 euros.

É realmente unha medida que non ten nada que ver co que se supón que ten que

facen un goberno que non fala máis ca da crise, dos problemas do desemprego e da necesidade de apoiar ás familias. Se isto é apoiar ás familias, case imos facer boa frase de que “o peor que pode facer un goberno é non gobernar” porque se gobernar é isto, non gobernen máis, por favor.

O mesmo co proceso de privatización. Evidentemente privatizar este tipo de servizos o que fai é desmantelar un servizo público, é promover que algunha empresa determinada faga negocio co ensino que é un dereito fundamental dos nenos e nenas, tamén dos nenos e nenas galegos, por suposto que si. Afecta á conciliación da vida laboral e familiar, reduce a calidade educativa e por suposto, empeora as condicións de traballo do persoal que se vaia incorporar a estas escolas infantís, que o vai facer nunha situación de desigualdade con respecto ao persoal laboral que presta servizos nas mesmas. Pero vai ser unha *precarización* do emprego de todas as persoas que están traballando agora mesmo nas escolas infantís, ocupándose dos nosos nenos e nenas de 0 a 3 anos.

Pedimos tamén que se paralicen os procesos de privatización das escolas infantís do noso país porque o PP o único que está facendo é degradar un servizo público fundamental para as familias do noso país.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Rómpense os esquemas ao escoitaren a D<sup>a</sup> Raquel Díaz, lémbreme o medo que ás veces nas traxedias gregas se lle intentaba infundir ao público, o tremor aos deuses; sobre todo o medo, algo que pasou tamén na época do terror: xogar co medo. É impresionante escoitala falar dun novo susto o 25 de xaneiro, tamén como mente sobre as subidas; como non fala das vantaxes e non se estruturan.

O alcalde, D. Abel Caballero, prometeu no ano 2007 corenta e sete garderías e ningunha se construíu. Entón a min me parece que isto é, utilizando unha frase de D. Santiago Domínguez, hipocrisía política. Tamén estou de acordo con D<sup>a</sup> Iolanda Veloso cando di que todo isto é un folletín, pero eu coido que xa vai máis aló porque isto é máis serio ca un folletín e xa parece unha traxedia grega.

Con esta medida preténdense crear máis prazas para nenos e máis oportunidades, nada máis e nada menos que 7.500 prazas, pero ademais nestes momentos chegamos ás 4.500 nesta lexislatura.

Entendemos que ao PSOE non lle guste o control nos gastos de persoal porque

nos catro anos de bipartito conseguiron que aumentasen en 1.000 millóns de euros na Xunta.

O PP defende o rigor nas contas. Na actual conxuntura económica parécenos máis responsable garantir a prestación dos novos servizos mediante este tipo de xestión.

Vou aclarar moi ben que se acometeu esta modificación dado que os prezos das escolas infantís non se actualizaron co IPC de 2002, isto é, habería que ter en conta un incremento acumulado do 27% só tendo en conta o IPC, sen embargo a subida media sitúase nun 19,2%. Fronte isto e coa finalidade de non cargar neste momento de especial dificultade económica ás persoas que peor o están a pasar, o novo decreto presenta unha subida progresiva e solidaria que garante a atención aos que teñen menos recursos e permite maiores achegas por parte dos que máis teñen.

Esta modificación persegue tamén a viabilidade do sistema. Actualmente os ingresos previstos para asistencia e servizo complementario, comedor, na escala máis alta non acadan nin o 30% do custe real da praza que é de 592 euros/mes. Esta actualización de prezos é necesaria para garantir a viabilidade do sistema e para permitir seguir creando novas prazas de escolas infantís. Actualmente lévanse creado 2.100 prazas e prevese acadar un total de 4.500 prazas creadas cando remate a lexislatura. Actualmente a rede de titularidade da Xunta conta cunhas 7.500 prazas públicas, aínda que o número de prazas de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos ascende a máis de 16.300.

Os principios e aspectos do novo decreto con respecto ao anterior son: as rendas familiares de menos de 1.190 euros non teñen que afrontar ningún tipo de incremento, nin sequera se lles aumenta o IPC acumulado dende 2002, 27%, coa finalidade de garantir a atención a quen máis o necesita e protexer ás familias con menos recursos. Os que afrontan a maior subida son as rendas familiares superiores aos 3.200 euros, un tramo que non existía e que se creou agora co fin de garantir un sistema progresivo e solidario no que paguen máis os que máis teñen.

A maior subida concéntrase nos servizos de comedor, un servizo complementario e voluntario e non no que se refire exclusivamente á asistencia educativa. De feito, se se ten en conta só a suba da atención educativa, isto é, sen contar o

servizo voluntario e complementario do comedor, pódese observar que as rendas familiares contemplando un só fillo ata os 1.500 euros non sofren ningunha subida neste aspecto, nin sequera se lle actualiza o IPC acumulado.

É o último tramo de rendas superiores aos 3.200 euros, o único que ten unha subida maior ao IPC no que se refire á atención educativa. Este decreto é de obrigado cumprimento para todas aquelas escolas que teñen algún tipo de axuda da Xunta, cousa que sucede na maior parte dos centros de titularidade municipal ou de iniciativa social. De aí que sexa un aspecto moi demandado no último ano, especialmente pola especial situación que están pasando os concellos.

Neste punto é preciso subliñar que o feito de subir os prezos das escolas validouse na última executiva da FEGAMP o pasado 26 de novembro. Os concellos están a presentar importantes déficits no mantemento destas instalacións ao non poder incrementar as taxas dende hai case dez anos. Este decreto permitirá incrementar os seus ingresos co fin de poder manter o servizo. É preciso lembrar que estamos a falar dunhas subas e duns prezos medios partindo dunha unidade familiar cun só fillo, nos casos de familias numerosas, monoparentais ou de varios irmáns no mesmo centro, hai bonificacións para cada caso.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Se imos ao teatro movémonos en escenarios totalmente diferentes porque vostede falaba de medo e non é medo, é realidade. Teño aquí o decreto aprobado que vai entrar en vigor en setembro. Non é ningunha política de medo, é unha realidade. Os prezos das garderías infantís xestionadas pola Xunta de Galicia soben nalgúns casos o servizo do comedor ata un 100% e sen ese servizo nun 40%.

O Partido Popular adozou isto e dixo que tiñan que garantir a prestación do servizo. Pero se están subindo os prezos non a están a garantir eles, os que estamos garantindo a prestación do servizo somos os pais que agora temos que pagar máis. Polo tanto a Xunta acaba de dicir que non está garantindo a prestación dun servizo público porque son os pais co seu diñeiro quen a van garantir.

Ao final recoñéceo. Onde máis soben os prezos é no servizo do comedor que o Sr.

Relova acaba de dicir que é un servizo voluntario. Non, non é voluntario porque se un neno non ten diñeiro non pode pagar o servizo do comedor e queda sen el. Iso non é voluntarismo. É dicir, se tes diñeiro pagas e de non o ter, non pagas e así nos imos atopar con que moitos pais non van ter diñeiro para o comedor porque estamos falando das rendas máis baixas e o neno vai quedar sen comer. Paréceme o máis lamentable.

Aprendan do Concello de Vigo onde todos os cativos teñen dereito a comedor, é un dereito dos cativos porque son cativos e precisan unha alimentación sá e equilibrada. A Xunta acáballes de dicir que os nenos que teñen diñeiro poden comer e os que non o teñen non.

Logo o Sr. Relova xogou coas porcentaxes. Si, antes estaban exentos por debaixo do 50% do salario mínimo; agora só están exentos por debaixo do 30% do salario mínimo co que aí tamén están modificando e obrigan a dobrar o prezo do comedor. Paréceme lamentable.

Díxome que aumentaron prazas de gardería. Ao mellor en Galicia si, pero en Vigo, onde? Onde hai en Vigo un neno máis nunha gardería da Xunta de Galicia mentres está o Sr. Núñez Feijóo? En ningures.

Pero por parte deste goberno municipal si temos dúas garderías que están a piques de abrir que son as de Tomás Alonso e a de Bouzas, outra en construción que é a de Mestres Goldar e tres máis que aparecen nos proxectos do orzamento. Esas si que son realidades, si que é a aposta deste goberno pola educación infantil.

Tamén falou o Sr. Relova da validación pola FEGAMP. Claro, aí é onde goberna o Partido Popular, aí está ese aditamento que di que “os concellos poderanse acoller”. Si, os dos do PP que son os interesados porque así están escudados para subir as taxas ata ese 100%. Paréceme lamentable.

Aceptamos a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Emenda presentada en escrito de data 30.01.12, pola concelleira do Grupo do BNG, Sra. Veloso Ríos:

Engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

“Instar á Xunta de Galicia a paralizar os procesos de privatización das escolas infantís.”



VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, acórdase aprobar a emenda formulada pola Sra. Díaz Vázquez co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a que non incremente as tarifas das garderías públicas e as conxele ao igual que fixo a administración local de Vigo nos equipamentos que integran a Rede de Escolas Infantís Municipais.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a paralizar os procesos de privatización das escolas infantís.

*Sendo as dez horas e vintecinco minutos, auséntase da sesión o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Álvarez. Preside a sesión a primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego.*

5.4. (11).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO A MANTER O DESEÑO DA ESTACIÓN DO AVE E INFORMAR DA CAUSA DA RETIRADA DE EMPRESAS DO CONCURSO. EXPTE. 395/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xaneiro, número 395/1101, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“A estación do AVE en Vigo é unha infraestrutura vital, non só para o desenvolvemento da cidade senón que tamén se constitúe coma un factor clave para o sur de Galicia. Hai uns días coñecemos polos medios de comunicación que o Ministerio de Fomento, dirixido por Ana Pastor, revisará integramente o proxecto da futura estación do AVE en Urzáiz.

Unha obra que, como é sabido por todos, conta con proxecto básico e coa licitación necesaria para saír adiante. Parece, cando menos, sospeitoso que as dúas empresas que expresaron desde o principio o seu interese polo proxecto, declarando a súa capacidade financeira e reclamando mesmo un prazo adicional ata o mes de marzo para a elaboración dos seus proxectos, se retiren do concurso. En calquera caso, aínda que dende este grupo municipal consideramos que estes feitos son unha proba inequívoca do interese das empresas polo citado proxecto, cremos que o Ministerio de Fomento debería establecer o diálogo coas empresas na consecución dunha infraestrutura emblemática para a cidade e non traballar por materializar o que será o primeiro recorte en obra pública de España.

Vigo non pode permitirse esperar cinco anos por unha estación, pensada para ser unha icona pero que este Ministerio de Fomento quere converter nun proxecto raquítico. Non imos permitir que Vigo teña unha estación destas características cando cidades como Málaga, Barcelona ou Valladolid contan con grandes estacións. Cabe lembrar ademais que a estación de Vigo tería custe cero para os cidadáns porque se autofinanciaría.

Por todo o dito, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao Ministerio de Fomento a que manteña a estación do AVE deseñada polo arquitecto norteamericano Thom Mayne e que explique por que deixaron retirarse ás dúas únicas empresas que se presentaron ao concurso para construír a terminal.”

Emenda de substitución presentada en escrito de data 30.01.12, polo voceiro do Grupo do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

1.- Instar ao Ministerio de Fomento a que manteña un proxecto que cumpra coas necesidades axeitadas para a futura estación do AVE na nosa cidade, facendo desta estación un verdadeiro centro intermodal de transporte na nosa cidade

2.- Instar ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a que a estación provisional de Guixar se converta nunha verdadeira estación central de tráfico ferroviario de proximidade.

3.- Instar así mesmo ás dúas administracións a elaborar protocolos de colaboración con partidas orzamentarias claras para dotar a Vigo e Galicia das necesidades fundamentais para contar cun verdadeiro proxecto ferroviario de proximidade que permita a conexión de Vigo co resto de Galicia.

*Ao non estar ditaminada a anterior moción pola comisión informativa correspondente, a Alcaldía-Presidencia somete a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día antes do seu debate.*

VOTACIÓN DA RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito, ao non ter sido ditaminada en comisión informativa, acórdase ratificar a inclusión da moción na orde do día.

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: O goberno de Vigo insta ao goberno do Partido Popular a que manteña a estación do AVE deseñada polo Premio Pritzker de arquitectura, Thom Mayne.

Esta estación tal e como se deseñou é unha oportunidade irrepitible para a cidade de Vigo á que lle custaría cero euros e non como o modelo anterior, asinado cando era alcaldesa desta cidade Corina Porro e o Sr. Figueroa concelleiro. Aquel modelo custáballe á cidade de Vigo vinte e nove millóns de euros. Con aquel modelo o tren entraba en Vigo nunha gabiá que volvía facer unha inmensa fenda no barrio de Teis. Era un proxecto que tampouco contemplaba a estación que nestes momentos estamos usando, a estación de Guixar, polo que os vigueses e viguesas terían que ir buscar o tren nestes momentos a Redondela, terían que coller un autobús, ir Redondela e logo saír de

aí cara ao seu lugar de destino. Móstrólles o convenio que no ano 2004 o Sr. Figueroa ratificou como concelleiro desta casa.

Queremos unha estación de primeira, unha estación como a de Madrid, como a de Zaragoza, como a de Valencia ou como a de Sevilla. Señores do Partido Popular, recorten noutras cidades, noutras vilas, pero non recorten na cidade de Vigo.

O proxecto que presentou o goberno socialista, tanto o de España como o da cidade, tería unha achega de ADIF de trinta e nove millóns e unha empresa tería que facer unha achega de cento corenta e dous millóns de euros. Unha empresa que tería unha concesión de cincuenta anos por dúas plantas comerciais e douscentos locais que darían moito emprego nesta cidade, así como tamén a xestión de 1.350 prazas de aparcadoiro.

Como saben todos os membros desta sala, as firmas interesadas eran Grandi Stazioni, un grupo italiano, e o Grupo Corio, grupo holandés. Non amosaron a súa falla de interese deste proxecto ata que o Partido Popular entrou no goberno de Madrid. Este venres un dos grupos amosaba o proxecto de Vigo na súa páxina web como un proxecto estrela. Pásolle a todos os membros do Pleno esta copia da páxina web que este venres dicía que o proxecto de Vigo e o do centro comercial de Príncipe Pío en Madrid eran os proxectos pioneiros e estrelas desta compañía.

A estación de Vigo é unha oportunidade histórica, é viable para as empresas e custaríalle cero euros aos vigueses e viguesas.

Señores do Partido Popular non minimicen o que é a estación para Vigo, a terminal de alta velocidade da área metropolitana maior de Galicia, a do todo o sur costeiro de Galicia e do norte de Portugal. Ademais o último balcón natural sobre a ría de Vigo e a ordenación urbanística dunha zona moi importante da cidade. Abriríamos Vigo ao mar de forma verdadeira.

Señores do Partido Popular, poden incorporar a esta estación os autobuses e deste modo conseguir que sexa unha estación intermodal, como xa o puideron facer antes xa que tiña un espazo reservado para este fin. Non busquen escusas e crean en Vigo, nas viguesas e nos vigueses. Non voten en contra, non sigan dando a volta e dándolle as costas á cidade de Vigo.

Unha obra pública ademais dunha cuestión orzamentaria é unha aposta política.

Non era unha aposta política, señores do Partido Popular, é unha obra viable e rendible. Non foi unha aposta o porto exterior da Coruña que nestes momentos xa custou 780 millóns de euros a todos os españois? Máis do dobre do presupostado. Non era unha aposta política o complexo cultural faraónico da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela que sen rematar xa lles custou aos galegos e por ende aos vigueses e ás viguesas, 300 millóns de euros?

Señores do Partido Popular, Ana Pastor dicía que apostaba por Vigo. Apostar por Vigo é apostar polos seus proxectos, cousa que nestes momentos non está facendo. O primeiro que fixo na campaña electoral foi cuestionar a estación. Agora di que quere unha estación do AVE “austera”, que quere dicir con “austera” D<sup>a</sup> Ana Pastor? Quere dicir unha estación cutre? O goberno desta cidade vai estar en contra de facer unha estación cutre. Xa na SER de Vigo dicía que quería reducir a estación do AVE. Non o imos consentir.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Quero empezar tamén a miña intervención dándolle a benvinda a esta Casa do Concello e a este Pleno aos alumnos de POVISA en prácticas na linguaxe de signos. Estamos encantados de que estean con todos e todas nós.

Sr. Regades, o debate non é de proxectos. Non se pode facer única e exclusivamente política nin de xestos, nin de proxectos porque os proxectos son de cada quen, dun grande autor, dun alcalde, dun conselleiro ou conselleira e as necesidades son de toda a cidade. Nós apostamos sempre por facer política cara ás necesidades que ten un pobo ou unha cidade. Os proxectos son de cada quen e as necesidades prioritarias, básicas que ten unha cidade son de todos e todas. Antes a nosa compañeira, Sra. Veloso, dicía que nesta cidade desgraciadamente nos estamos acostumando a que as grandes infraestruturas queden nun caixón por loitas políticas nunhas ocasións e por proxectos personalistas noutras. Nesta cidade ultimamente e por desgracia estamos asistindo a que moitas veces por loitas políticas entre o PP e o PSOE e outras veces por proxectos que se queren abandeirar dende a persoa e non dende a cidade, eses proxectos moitas veces quedan no caixón. Ogallá este non sexa un deles.

Os nacionalistas queremos que esta cidade teña unha nova estación de AVE pero levamos pedindo nos Parlamentos galego e español dende hai moitos anos que o

AVE chegue. A min paréceme que os señores do PP e os do PSOE con isto de entrar agora na grande polémica da estación, non vaia ser que estean agochando os incumprimentos do PSOE cando gobernou e os do PP cando goberna cunha infraestrutura tan importante.

Sr. Regades, para nós o debate non é o proxecto de Thom Mayne, un arquitecto ao que respectamos, fallaría máis. O debate é o que esta cidade e Galicia necesitan. Si necesitamos unha estación pero adaptada ás necesidades reais. Non necesitamos un proxecto para que o Sr. Caballero se poña outra medalla, nin necesitamos ningún outro proxecto para que os señores do Partido Popular tamén se poñan outra medalla; necesitamos o proxecto que sexa axeitado a esta cidade.

Pero necesitamos algo máis: necesitamos que ese proxecto tamén dea resposta ás necesidades e, vostede citábao, que esa estación sexa verdadeiramente intermodal, onde estea contemplada a estación de autobuses, que sexa o núcleo fundamental de intercambio de transportes, mesmo co transporte de tráfico de ría, que sirva denexo de unión e co futuro -se o goberno local o permite dunha vez- transporte da área metropolitana. A intermodalidade é moi importante.

Os nacionalistas tamén queremos sacar outro debate que está agochando o debate do AVE: o do tráfico ferroviario de proximidades. A nova estación debe contemplar tamén que a estación provisional actual, a de Guixar, sexa o verdadeiro núcleo dun tráfico ferroviario de proximidade que nin o Partido Popular nin o Partido Socialista atenderon nos seus distintos gobernos. Vaise dar o paradoxo de que cando chegue o AVE (non sabemos en que ano) se poida chegar a Madrid en tres horas e un estudante desta cidade tarde dúas horas e media ou case tres en chegar á Coruña. Iso non pode ser e por iso hai que poñer outro debate enriba da mesa que é o debate do tráfico ferroviario de proximidade.

Por iso nós presentamos unha emenda de substitución porque repito que non estamos en contra do proxecto de Thom Mayne, pero si estamos en contra de proxectos que logo non son realizables. A nosa emenda de substitución ten estes tres puntos: Primeiro que o proxecto, sexa de Thom Mayne ou de quen sexa, sexa un proxecto real e adaptado ás necesidades. Segundo que a Xunta de Galicia e o goberno central convertan Guixar nunha verdadeira estación de tráfico de proximidade. E terceiro que ambos gobernos invistan precisamente nese tráfico

de proximidade.

SR. FIGUEROA VILA: Son sorprendentes as declaracións do concelleiro do Partido Socialista quen utilizou todo o seu tempo en xustificar o inxustificable: xustificar un proxecto que non é viable nin técnica nin economicamente.

Hai que facer unha reflexión moi profunda porque nun momento de crise como o que estamos a vivir, as empresas necesitan obra, necesitan seguir mantendo as licitacións para poder seguir mantendo os postos de traballo dos seus empregados. Vostedes saben que 186 millóns de euros son máis de 30.000 millóns das antigas pesetas. Eu fago unha pregunta: se ese proxecto fose realizable, fose viable técnica e economicamente, cantas empresas se presentarían a unha licitación de 186 millóns de euros? Todas e máis. Non só todas as nacionais, senón que tamén internacionais e todas as que tivesen esa capacidade e a posibilidade de licitar.

Só hai dúas empresas e as dúas son estranxeiras, unha italiana e unha holandesa. Sr. Regades, que pasa coas empresas importantes españolas? Non lles interesaba este proxecto? É dicir, 32.000 millóns das antigas pesetas non son interesantes para as empresas españolas que están todas, mesmo algunha galega, facendo o AVE en Arabia Saudí? Eu supoño que si pero o que ocorre é que esta obra é inviable técnica e economicamente, este é o gran problema.

Ninguén está cuestionando o proxecto de Thom Mayne, o proxecto da entrada do AVE a Vigo, estamos falando de algo moi concreto, de que este proxecto se sacou sabendo que a licitación era maior. Coñécese polos expertos, polos técnicos, por calquera persoa coa que se fale que saiba sobre licitación e contratación. Sábese que o proxecto é inviable e polo tanto non se presentou ninguén.

Ese é o único problema que estamos a discutir aquí. Poderemos discutir logo o que di o Sr. Domínguez Olveira, que sexa ou non intermodal, podemos cuestionar que teña ou non saída sur, todas esas cuestións puramente técnicas, pero neste momento do único que tratamos aquí é de que hai unha licitación en marcha que quedou deserta e iso quere dicir que o proxecto non era viable nin técnica, nin economicamente. Con iso foi co que se atopou a ministra ao chegaren ao Ministerio. Atopouse ademais con que as empresas renunciaron no mes de outubro, un mes antes das eleccións. Non foi a partir das eleccións de novembro,

senón que foi antes cando se retiraron as licitacións da obra.

O que hai aquí é un exceso de maquetas, de proxectos irrealizables, de proxectos que non se van cumprir xamais, pero ao final acábase sabendo a verdade. Vostedes agocharon a verdade mentres tiñan un ministro da súa mesma color política.

O problema desta cidade é que levamos gastado oito millóns de euros en tres maquetas: O Plan Nouvel que é irrealizable, o Plan Moneo que agora xa retiran tamén a maqueta da lonxa do Concello e a planificación da estación do AVE de Thom Mayne con outros catro millóns. Oito millóns de euros son máis de mil cincocentos millóns das antigas pesetas en proxectos irrealizables, proxectos dos que ao final o único que queda son maquetas.

Nós temos plena confianza en que a ministra, Ana Pastor, vai ser capaz de desfacer este enredo e así Vigo terá a estación de AVE que lle corresponde, como non pode ser doutra maneira. Temos plena confianza no seu traballo, na súa implicación, no seu compromiso con esta cidade. Xa verán vostedes como nos vindeiros meses esta desfeita que vostedes deixaron nos ministerios ao final se concretará e se levará a cabo. O tempo dará ou quitará razóns.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O Grupo socialista tamén está encantado de que estean aquí intérpretes de linguaxe de signos porque un dos logros do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero no anterior mandato foi aprobar a Lei e a lingua de signos como tal.

Señores do Partido Popular, está claro que vostedes sempre votan en contra de Vigo.

Invítoos a todos os señores do Partido Popular en especial ao Sr. Figueroa, a que miren as realidades que dicían que eran maquetas. A Axencia Europea de Pesca para vostedes era unha maqueta; son dezasete millóns de euros de realidade; o edificio da Seguridade Social, o paseo da Guía, a Comisaría da Policía de quince millóns de euros, a nova terminal do aeroporto de sesenta millóns de euros, o aparcadoiro do aeroporto de corenta millóns de euros. Para vostedes eran maquetas, para nós son realidades. Sobre todo tamén os case douscentos millóns de euros de rúas, de saneamento, de redes de auga que necesitaba esta cidade e hoxe son unha realidade.



Señores do Partido Popular, Vigo necesita un bo goberno e teno, pero tamén necesita unha oposición solvente e non a ten. Temos un Partido Popular atrapallado que cambia aos seus interlocutores cada quince días, en moitos casos os vigueses e as viguesas non saben con quen falar porque agochan ao seu líder cando hai campañas electorais. O presidente do Partido Popular de Vigo na última campaña electoral das xerais non actuou nos mitins centrais que houbo nesta cidade. Só pasaron sete meses e xa dimitiron catro concelleiros do Partido Popular. Dentro de pouco entrará D. Javier Guerra que ía de número vinte e sete. Sigán así, pero Vigo necesita tamén un Partido Popular solvente nesta cidade.

Señores do BNG, eu aceptaría a súa emenda se fose complementaria porque está claro que o proxecto é de todos, os proxectos non son de ninguén senón de todos os cidadáns. Ten razón, Sr. Domínguez, este proxecto non debe quedar nun caixón, a cidade non se o pode permitir. O Partido Socialista tamén comparte o feito de que a estación de Guixar sexa estación de proximidade permanente; como tamén apostar pola estación de mercadorías e así mesmo compartimos que o proxecto de Thom Mayne, como todos os proxectos que se presentan nunha cidade, está aberto a cambios. Estamos abertos a cambios porque os proxectos son entes vivos. Si aceptaríamos a súa emenda non como substitutiva, senón como complementaria á nosa moción.

Sr. Figueroa, dicía antes que o grupo Corio onte mesmo tiña na súa páxina web como proxecto importante da súa empresa o proxecto da obra de Vigo. Agora, logo de todas as descualificacións de Ana Pastor, despois de dicir que se non lle gustaba o proxecto, que se era raquíptico, que se o quería modificar..., logo de todas esas declaracións en público, que non lle diría aos xestores en privado? Vostedes saben que o Partido Popular rexeitou este proxecto, pero vostedes como vigueses se deberían enfrontar ao Partido Popular e deberíanlle dicir ao Sr. Núñez Feijóo que este proxecto é fundamental para a cidade de Vigo.

A PRESIDENCIA: Hai unha emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego. O Sr. Regades pide que se inclúa como complementaria. Prégolle ao Sr. Domínguez que fixe a súa posición.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non temos ningún problema en aceptar que en troques

de substitutiva a emenda sexa complementaria porque ao fin e ao cabo o punto un di que o que queremos é un proxecto axeitado á realidade co que nos dá igual un ou outro proxecto. Queremos un proxecto realizable e polo tanto si aceptamos que sexa incluída a emenda como complementaria.

*O relator da moción, Sr. López Font, acepta a emenda formulada polo Grupo municipal do BNG coma emenda de adición e non de substitución.*

VOTACIÓN DA EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, acórdase engadir ó texto da moción a emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar ao Ministerio de Fomento a que manteña a estación do AVE deseñada polo arquitecto norteamericano Thom Mayne e que explique por que deixaron retirarse ás dúas únicas empresas que se presentaron ao concurso para

construír a terminal.

Segundo.- Instar ao Ministerio de Fomento a que manteña un proxecto que cumpra coas necesidades axeitadas para a futura estación do AVE na nosa cidade, facendo desta estación un verdadeiro centro intermodal de transporte na nosa cidade.

Terceiro.- Instar ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a que a estación provisional de Guixar se converta nunha verdadeira estación central de tráfico ferroviario de proximidade.

Cuarto.- Instar así mesmo ás dúas administracións a elaborar protocolos de colaboración con partidas orzamentarias claras para dotar a Vigo e Galicia das necesidades fundamentais para contar cun verdadeiro proxecto ferroviario de proximidade que permita a conexión de Vigo co resto de Galicia.

5.5. (12).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE O NOVO HOSPITAL DE VIGO LEVE O NOME DE “ÁLVARO CUNQUEIRO”. EXPTE. 389/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xaneiro, número 389/1101, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte moción:

“Na cidade de Vigo estase a construír un hospital público, que neste intre é a maior infraestrutura sanitaria pública nova que se está desenvolvendo en España, nun momento de especiais dificultades orzamentarias.

Poñerlle nome ás infraestruturas públicas é un feito que require consultas, coma as que se están a realizar dende a Consellería de Sanidade, coa finalidade de atopar un nomeamento que suscite consensos sociais en beneficio do coñecemento e interiorización da propia infraestrutura pública.

O antedito resulta especialmente relevante cando se aborda a denominación dunha gran infraestrutura sanitaria: o seu nome ten que propiciar a súa proxección e coñecemento social no contorno inmediato da poboación á que o Hospital lle vai a prestar o servizo público sanitario; e ao tempo ten que contribuír a súa proxección exterior, mesmo internacional; a potenciar o seu coñecemento e a incrementar o prestixio do traballo nel desenvolvido polos profesionais da atención sanitaria especializada e da investigación médica.

Motivos que abundan para procurar unha denominación que, lonxe de suscitar rexeitamentos propiciadores de propostas de cambio do nome no futuro, suscite amplos consensos sociais que permitan a súa consolidación.

Poucos nomes poden suscitar ese nivel de acordo como o do escritor Álvaro Cunqueiro, un dos principais escritores galegos do século XX e un dos persoeiros que máis contribuíu a mellorar e revitalizar á cidade de Vigo como centro de desenvolvemento cultural e social, de forma moi especial a través das súas colaboracións e, nos anos sesenta do pasado século, dende a dirección do xornal Faro de Vigo.

A biografía de Cunqueiro amosa unha clara vinculación coa cidade de Vigo, lugar no que desenvolveu unha parte fundamental da súa produción literaria, e que por iso lle ten adicado en xusto recoñecemento unha das súas rúas. Pero o seu nome tamén contribuiría a darlle sona ao novo hospital máis aló do Concello de Vigo, da súa area metropolitana e do sur de Galicia.

Moitos son, en definitiva, os motivos que xustifican un recoñecemento a Álvaro Cunqueiro, entre os que habería que engadir o feito de que o novo hospital, que aglutina ao Meixoeiro e ao Xeral onde el faleceu, levara o seu nome.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno de Corporación que adopte o seguinte acordo :

Propoñer á Xunta de Galicia que o novo hospital que se está a construír en Vigo leve o nome de "Hospital Metropolitano de Vigo Álvaro Cunqueiro".

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do día 23 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda de adición presentada en escrito de data 30.01.12, pola concelleira do Grupo do BNG, Sra. Veloso Ríos:

Engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

"Instar á Xunta de Galicia a recoller e considerar as distintas propostas que poidan chegar colectivos sociais da cidade para lle poñer nome ao hospital de Vigo."

Emenda de adición presentada en escrito de 30.01.12 polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Rodríguez Escudero.

Engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

Que a Xunta de Galicia proceda á construción do novo hospital de Vigo de acordo

co proxecto básico consensuado cos profesionais e aprobado polo anterior Goberno de Galicia, con máis de 1.400 camas. Que o seu financiamento e xestión sexa de carácter exclusivamente público e que leve o nome de “Hospital Universitario de Vigo Álvaro Cunqueiro”.

DEBATE.- SRA. CENDÓN IGLESIAS: Congratúlome tamén da presenza dos estudantes de linguaxe de signos. Felicítóos e apláudoos por elixir unha profesión tan dedicada ao servizo.

Levamos todo o Pleno falando de restricións e efectivamente estamos en tempos de fortes restricións presupostarias, pero nestes tempos a Xunta de Galicia aposta por realizar en Vigo a maior infraestrutura sanitaria que se está facendo en España. Cómpre por tanto darlle un nome xa que todos vemos que a obra avanza con moita rapidez. Ten que ser un nome que non teña rexeitamentos, nome no que todos esteamos de acordo e que leve o prestixio da nosa cidade fóra dela.

Todos sabemos que a elección dun nome para un fillo é case unha tarefa sacra e moi meditada porque hai que congratular a todos os familiares. O nome dunha infraestrutura da envergadura do hospital de Vigo non podía ser menos. A proposta do Partido Popular é que este hospital leve o nome de “Hospital Metropolitano de Vigo Álvaro Cunqueiro”.

Por suposto que hai que argumentar esta proposta. En primeiro lugar a proposta é válida porque ten que ser un nome coñecido e recoñecido e non cabe a menor dúbida de que Álvaro Cunqueiro é coñecido e recoñecido, tanto para a poboación que este hospital vai atender, como para a de fóra. Ten que ser un nome que estea á marxe das modas para que non se poida cambiar despois. Todos coñecemos a historia dalgún nome de hospital que se tivo que cambiar e os científicos protestaban por este feito porque xa tiñan anos de prestixio recoñecido cun nome que se cambiou. Non queremos que ocorra o mesmo con este hospital. Por outra banda ten que ser un nome eufónico, que soe ben, de suficiente calado na poboación. Penso que non hai outro como o de Álvaro Cunqueiro.

Álvaro Cunqueiro foi un dos escritores de máis prestixio do século pasado, un

persoeiro que fixo moito por revitalizar a cultura desta cidade. Álvaro Cunqueiro residiu na nosa cidade durante vinte anos, foi unha elección de madurez, non foi elección de xuventude, pero unha vez que coñeceu a nosa cidade non quixo vivir noutra. Leo algo que el escribiu nos anos cincuenta: “Subir ao Castro era unha das miñas festas viguesas, iso e iren pasear ao Berbés, pero o mellor subir ao Castro cun libro e sentarse co libro na man por veren Vigo, ver Vigo dende o vento”.

Tamén o seu fillo César di que sentía Vigo como algo de seu. Ceferino de Blas, un dos maiores estudosos da obra de Álvaro Cunqueiro, di que Vigo foi para el o seu grande amor, dedicoulle o cariño de amante na súa produción.

Álvaro Cunqueiro foi unha persoa tamén vinculada á profesión sanitaria. Era fillo de boticario e todos sabemos que mentres residiu en Vigo se rodeou de bos amigos médicos aos que lles tiña simpatía e cos que sintonizaba ben. Escribiu un libro: “Tertulias de boticas prodigiosas y escuela de curanderos” onde fixo unha boa descrición do carácter galego. Morreu no Hospital Xeral e fixo louvanza do trato que alí recibiu.

Cunqueiro non ten unha escultura nesta cidade, ten unha rúa preto da Praza da Independencia pero coido que merece algo máis, merece unha infraestrutura tan demandada pola poboación como é o novo hospital de Vigo. Impoñer este nome ao hospital metropolitano é garantía de que perdurará sempre porque a súa obra é atemporal e ligada ao coñecemento, á cultura e á excelencia. Mil primaveras para o novo hospital público de Vigo.

SRA. VELOSO RÍOS: O primeiro que quero dicir é que o Bloque Nacionalista Galego evidentemente non cuestiona a figura de Álvaro Cunqueiro, non cuestiona que sexa digno de que o seu nome sexa posto nunha infraestrutura imprescindible nesta cidade e así xa leva o seu nome un instituto ou unha rúa da nosa cidade, iso por suposto. Entendo que non é tema de debate desta moción a lección histórica e literaria que nos acaba de dar a Sra. Cendón porque é incuestionable. Eu non vou discutir os méritos do Sr. Cunqueiro.

Si me resulta cando menos rechamante a preocupación do Partido Popular polo nome do hospital público e non tanto polo contido do hospital que sobre todo non é público. Iso é o que me rechama. A min paréceme estupendo que se teñan en

conta tantos criterios para lle poñer o nome ao hospital de Vigo como se fose a un fillo, pero digamos que eu como cidadá viguesa prefiro poder ir un hospital público cos servizos que precisa esta zona sanitaria e preocúpame un pouco menos como se vai chamar. E depende de onde sexa, igual vou directamente ao hospital de Liñeiriños que é onde vai estar e que é como se coñece a zona onde vai estar o hospital. Ao mellor non estaría mal ter en conta que neste Concello xa no 2004 houbo un acordo plenario que recomendaba recuperar a toponimia en todas aquelas novas realidades da nosa cidade. Poderíamos ter en conta que o novo hospital é o hospital que vai estar en Liñeiriños e chamalo hospital de Liñeiriños, a menos que non sexa eufónico ou de moda, ou mesmo resulte demasiado galego para os científicos internacionais. Ao Bloque Nacionalista Galego non lle parece mal que se chame hospital de Liñeiriños.

Seguramente haberá moitas propostas que se poidan ter en conta porque haberá moitas persoas e colectivos interesados en achegar propostas na nosa cidade. Poderíamos pensar en persoas relacionadas coa sanidade, que sexan senlleiras nesta cidade e xa hai por aí circulando propostas coma o nome de Antón Beiras ou Olimpia Valencia, por recoñecer a unha muller tamén importante na sanidade da nosa cidade e ter en conta que as mulleres tamén existen na historia.

Pero son cousas que se nos poden ocorrer e por iso o BNG propón engadir un novo parágrafo a esta moción que é: “Instar á Xunta de Galicia a recoller e considerar as distintas propostas que poidan achegar colectivos sociais da cidade para lle poñer nome ao hospital de Vigo”.

De todos os xeitos no BNG o que lembramos constantemente é que, independentemente de como lle iamos chamar, o que non lle imos poder chamar é “hospital público” porque xa non é o hospital público que necesita Vigo, é un hospital privatizado que non se corresponde co proxecto inicial e que non vai atender realmente ás necesidades da zona sanitaria da nosa cidade.

Esta é a auténtica realidade, que se chame como se chame imos estar pagando moi caro todos os cidadáns e cidadás de Vigo, nós, os nosos fillos e os nosos netos e non imos ter os servizos sanitarios que precisamos en Vigo. Esa é a realidade e o que nos vai preocupar bastante máis ca como se chame, se imos poder ir ou non ao hospital, se nos van facer ou non as probas que nos teñan que facer e quizais o que si saibamos como se chama será a empresa que o xestione

que ao final, en función dos seus beneficios económicos, será a que decida se nos fan ou non unha proba, se nos operan ou non e ao final se temos un servizo básico para nós e para as nosas familias. Esa é a realidade.

Sinceramente, paréceme case un descaro que nos dediquemos a discutir o nome do hospital de Vigo e que ademais deamos tantas argumentacións para escoller un nome ou outro, mentres que realmente non hai argumentacións para ter o hospital que imos ter ou para non o ter. Non hai argumentacións, a única argumentación é esta frase que xa comeza a ser famosa. “A suba dos prezos das escolas infantís son para manter a viabilidade do sistema” porque acaba de dicir o Sr. Rajoy que a dependencia non é viable. Iso é o que vostedes nos están dicindo, que os servizos públicos básicos non son viables, quen os poida pagar que os teña e quen non que morra sen poder ir un hospital. Esa é a realidade.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Sra. Concelleira do PP, nada que obxectar por parte do Grupo ao que represento neste momento respecto de que o novo hospital de Vigo leve o nome de Álvaro Cunqueiro porque recoñecemos precisamente o valor singular que ten para as letras de Galicia, de España e para Vigo en particular esta figura senlleira galega. Nada que obxectar agás precisamente polas razóns que vostede relatou.

Sra. Concelleira, con dar nome a un hospital o único que pretenden é bautizar algo que aínda non existe e sobre o que hai unha serie de ameazas graves. Non sei que alma queren salvar vostedes nese proceso de recristianización forzada á que nos ten sometidos o goberno. Pretenden sinxelamente coa utilización do seu nome anestesiarse, crear unha cortina de fume e lexitimar un dos maiores erros e atropelos que pode cometer un goberno cos cidadáns da área de Vigo porque a historia da construción do novo hospital de Vigo é a historia da infamia literalmente, a historia dunha permanente mentira que o goberno do Sr. Núñez Feijóo e os seus apéndices nesta cidade pretenden difundir para intentar converter mentira tras mentira en verdade a través da repetición nos distintos foros.

Sra. Concelleira, non é certo que o hospital que se comezou a construír nesta cidade sexa público, aínda que se empeñen en publicalo aos catro ventos e con todo o seu aparato de propaganda non é un hospital público. Independentemente



de que a función sexa pública, é un hospital privado porque pertence a unha empresa e só formará parte do SERGAS cando remate a concesión dentro de décadas, ata ese momento será exclusivamente privado.

Unicamente dende a ignorancia e a mala fe se pode manter este desatino conceptual. Isto non é como a casa que compra vostede cunha hipoteca, como con ignorancia din a conselleira e o Sr. Núñez Feijóo. Non, na súa casa aínda que teña unha hipoteca manda e diríxea vostede, pero nun hospital construído cun sistema de financiamento público-privado, no edificio e na xestión do mesmo manda o responsable da construtora privada e o financiamento privado que o fixo.

Sinxelamente por escuros intereses partidarios, en contra dos intereses públicos e dos cidadáns, o Sr. Núñez Feijóo cambiou o modelo de construción e financiamento desenvolvido e garantido polo anterior goberno. En contra do que din vostedes, si había financiamento e estaba garantido a través dos orzamentos xerais da Xunta, a través do Plan económico-financeiro do SPI. Ademais, como reiteran vostedes que non había financiamento e aínda o outro día atreveuse a dicilo mentindo aos profesionais o Sr. Núñez Feijóo nun acto de partido, direille que abonda con que pregunten vostedes ao actual director da Sociedade Pública de Investimentos e que diga se había financiamento. Estaba garantido nos orzamentos e como a min me gusta non me apear da evidencia, deixo aquí ao dispor do Pleno a documentación que demostra que iso tiña o financiamento axeitado. Foi exclusivamente por intereses de partido polo que vostedes cambiaron o financiamento. Os resultados dese cambio foron que o proxecto se atrasou.

Sra. Concelleira, pídlle que comprobe que a día de onte non había nin proxecto de execución feito, non está aprobado e, ao non haberen proxecto de execución, non pode haber garantía de financiamento dese proxecto máis aló de que se movan as terras ou se fagan as pilotaxes iniciais. Nestes momentos non hai forma de continuar porque non hai proxecto de execución.

Por outra banda o proxecto xa leva un atraso sobre a data prevista para a apertura segundo o modelo previsto: 2013. A daquela conselleira de Sanidade falara de 2013, agora o Sr. Núñez Feijóo fala de 2014. É dicir, todas as vantaxes que se asumían por este modelo quedaron perdidas, vai ser 81.000 millóns de

pesetas máis caro ca o modelo anterior e por suposto vaise prolongar no tempo moito máis aló do ano 2014.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: Mágoa porque este é un debate que xa tivemos neste Pleno e hoxe non procede.

Todos sabemos que o hospital é público. Di que non avanza, pero o Sr. Caballero o prometera para o 2012. Que non avanza logo do que vimos onte en prensa?

Hoxe toca falar do nome e de Álvaro Cunqueiro e de verdade que non me vou rebaixar a outra cousa.

Álvaro Cunqueiro tiña tres visións de Vigo. Primeiro a estética que era o mar e a luz. Voulles mostrar unha foto da nosa cidade, da baía de Vigo, unha das tres máis fermosas do mundo xunto coa de Jalón e a de Río de Janeiro e verán que o bosque de guindastres que nos prometeu o Sr. Caballero non se ve por ningures. Se lles mostro a fotografía completa verán que o bosque de guindastres está en Valladares, no hospital de Vigo, o que está financiando a Xunta de Galicia.

Onte falaba o xornal de sete guindastres de setenta metros e logo están todas as secundarias, ese é o único bosque de guindastres que hai nesta cidade. Voulle mostrar outra fotografía moito máis grande. Dixo vostede que alí hai movemento de terras pero xa están no terceiro forxado, estase forxando o terceiro andar. Isto si que é avance. O Sr. Caballero prometera o hospital para 2012. Esta fotografía amosa o hospital de Vigo, a única infraestrutura que se está realizando a bo ritmo.

Do que falamos foi do nome: Álvaro Cunqueiro. Esa era a miña proposta. Acepto a emenda do BNG porque a conselleira de Sanidade xa abraira un concurso para propostas de nomes, poden saír outras alternativas, pero esta proposta é a nosa e creo que a razoei ben. É máis, vostede díxome que a razoei excesivamente. Gustaríame que a apoiaran, pero tamén lles digo que había tres visións de Cunqueiro con respecto á nosa cidade: a estética, como dixen, o mar e a luz; a sociolóxica, o crecemento irrefreable desta cidade; e a política. Na visión política Cunqueiro apesarábase, dicía que aos vigueses nos faltaba perder o noso individualismo para unir as mans e apoiar os proxectos comúns. Mágoa me dá que sigamos na mesma situación, vexo que Cunqueiro é atemporal. Ademais isto díxoo en momentos en que aquí había un alcalde personalista e tirano,

exactamente igual que o que temos aquí, un alcalde con proxectos mesiánicos, exactamente igual ca o que temos.

Quero pensar que algo avanzamos nesta proposta e gustaríame rematar cunha frase de Cunqueiro que di Cunqueiro: “Quero un Vigo feito por todos en amigable e entusiasta esforzo. Nada dá maior forza ao quefacer político que a liberdade e o diálogo, o saberen sumar vontades e aceptar na obra todas as mans laboriosas”.

A PRESIDENCIA: Sra. Cendón, unha vez que vostede aceptou a emenda de adición do Bloque Nacionalista Galego, pregúntolle tamén se admite a do Partido Socialista.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: Non a teño.

A PRESIDENCIA: Prégolle ao Sr. Rodríguez que a explique nuns segundos por veren se vostede a acepta ou non para proceder á votación.

Sr. Rodríguez, explique a súa proposta con brevidade.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Presentamos unha emenda de adición á moción presentada polo Partido Popular solicitando ao Pleno do Concello que tome os seguintes acordos: Que a Xunta de Galicia proceda á construción do novo hospital de Vigo de acordo co proxecto básico consensuado polos profesionais e aprobado polo anterior goberno con máis de 1.400 camas. Que o seu financiamento e xestión sexa de carácter exclusivamente público e que leve o nome de “Hospital Universitario de Vigo, Álvaro Cunqueiro”.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: Non imos aceptar a emenda porque non ten relación coa nosa moción.

(No momento das votacións está ausente o Sr. Caballero Álvarez).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito, acórdase aprobar a

emenda formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, co texto que se transcribe anteriormente.

*Ao non seren aceptada pola relatora da moción a emenda formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, a Presidencia non a somete a votación.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintedous votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, acórdase:

ACÓRDASE:

Primeiro.- Propoñer á Xunta de Galicia que o novo hospital que se está a construír en Vigo leve o nome de "Hospital Metropolitano de Vigo Álvaro Cunqueiro".

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a recoller e considerar as distintas propostas que poidan achegar colectivos sociais da cidade para lle poñer nome ao hospital de Vigo.

## **6.- ASUNTOS URXENTES.**

Non se presentaron.

## **PARTE DE CONTROL**

### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS**

## **QUE ASÍ O REQUIRAN.**

1.1.- (13).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de decembro de 2011 e 26 de xaneiro de 2012.

1.2.- (14).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de decembro de 2011 e 26 de xaneiro de 2012.

1.3.- (15).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17 DE XANEIRO, DE MODIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE DELEGACIÓNS DE DATA 13 DE XUÑO DE 2011, NO REFERENTE ÁS COMPETENCIAS DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE, TRANSPORTES, SEGURIDADE E XESTIÓN MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 17 de xaneiro de 2012, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Por resolución desta Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, procedeuse a fixar a estrutura das áreas de goberno e a delegación de competencias nos titulares das distintas concellerías. En dita resolución creouse a Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade e Xestión Municipal, dirixida polo Concelleiro Delegado de Área e membro da Xunta de Goberno Local, D. Carlos López Font. Dentro das competencias atribuídas atópanse diversas funcións en materia de tráfico, acaidas á normativa existente no momento da súa aprobación.

Recentemente modificouse o RD Lex 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei de Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, pola Lei 18/2009, do 23 de novembro, cambiando a regulación, entre outros, do artigo 86 no que se establece que a administración competente en materia de xestión do tráfico poderá ordenar o traslado do vehículo a un centro autorizado de vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación, nunha serie de supostos.

Considerando o cambio que se produce no tratamento desta cuestión, así como o procedemento sumario que se establece para facilitar o tratamento residual dos vehículos, sen prexuízo do disposto no apartado 3 do citado precepto legal e da competencia da Concellería de Medio Ambiente na materia, á vista da solicitude efectuada pola Xefatura de Seguridade e o concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade e Xestión Municipal, dende esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polo artigo 142 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a delegación efectuada no concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade e Xestión Municipal por Resolución de data 13 de xuño de 2011, engadindo o seguinte:

1.- Competencia para proceder a realizar as declaracións de abandono dos vehículos, a efectos do previsto no artigo 86 da Lei 18/2009 de modificación do RD Lex. 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

2.- Non obstante, a competencia para sancionar o abandono dun vehículo corresponde á Concellería de Medio Ambiente.

Segundo.- Á presente delegación resultaralle de aplicación na súa integridade o réxime de delegación previsto na RA do 5 de xullo de 2007.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade e Xestión Municipal e á concelleira de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude.

Cuarto.- Dar publicidade desta Resolución na Intranet do Concello para o seu coñecemento e efectos.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Sexto.- Da presente resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación aos efectos de que quede en

-----  
S. Ordinaria 30.01.12

coñecemento da mesma.”

*De todo o anterior a Alcaldía-presidencia da conta ao Pleno da Corporación.*

1.4.- (16).- DAR CONTA DE ESCRITO DE ACEPTACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. RELOVA QUINTERO. EXPTE. 383/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 28 de decembro de 2011, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, don Roberto Relova Quinteiro, acepta desenvolver as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, segundo decreto da Alcaldía de data 26 de decembro, de conformidade co sinalado no apartado sétimo do devandito decreto.

*Do anterior a Alcaldía-presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.*

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se presentaron.

## **3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.

## **4.- MOCIÓNS.**

4.1. (17).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO CONCELLO A POÑER A DISPOSICIÓN DA XUNTA OS TERREOS NECESARIOS PARA A CIDADE DA XUSTIZA. EXPTE. 390/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xaneiro, número 390/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“No 2005 firmouse un convenio que tiña por obxecto a construción dun novo edificio que albergase dependencias xudiciais e se integrase coas existentes e que se denominaría Cidade da Xustiza.

No mesmo, a Xunta comprometéase a realizar os investimentos necesarios para a construción do devandito edificio, mentres que pola súa banda o Concello comprometéase a ceder os terreos necesarios, libres de cargas de calquera tipo e coas condicións urbanísticas necesarias para permitir a súa construción.

A pesar do tempo transcorrido e dos reiterados anuncios por parte do Alcalde da inmediata cesión dos terreos, ó que mesmo se chegou comprometer por escrito, o certo é que a día de hoxe esta infraestrutura xudicial non se pode levar a cabo dada esta imposibilidade material, motivada polos continuos atrancos que está a poñer o Alcalde de Vigo, que está a poñer en risco unha inversión de 15 millóns de euros xa consignados nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2012. Namentres, noutras cidades de Galicia xa se realizaron as expropiacións e xa se puxeron a disposición da Consellería terreos para infraestruturas similares.

A situación de colapso no que se atopan as instalacións xudiciais na cidade de Vigo, ó límite da súa capacidade, tal como veñen denunciado tanto o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, como avogados, procuradores e membros da xudicatura viguesa, fai necesario que sen máis dilación se proceda á construción desta infraestrutura, vital para o acaído funcionamento da xustiza nesta cidade.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno de Corporación que adopte o seguinte acordo :

Instar ao Concello de Vigo, a ceder sen máis dilacións á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os terreos necesarios para poder construír esta dotación, tal e como se acordou entre ambas administracións."

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do día 23 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda de substitución presentada en escrito de data 30.01.12, polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez:

“Instar á Xunta de Galicia a dar cumprimento inmediato ao mandato do Parlamento Galego do 25 de novembro de 2011 e, de xeito inmediato tamén, elaborar un protocolo de colaboración co Concello de Vigo que permita

-----  
S. Ordinaria 30.01.12



desbloquear a situación dos terreos da Cidade da Xustiza para dar inicio á execución das obras no primeiro semestre de 2012.”

Emenda de substitución presentada en escrito de data 30.01.12, pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego:

1.- A Xunta de Galicia ten a competencia exclusiva en materia de Xustiza e, por isto, ten a obriga de facer fronte aos gastos das expropiacións e da edificación das súas instalacións.

2.- O Concello de Vigo, en aras á cooperación, está disposto a achegar 1.886,51 metros cadrados de solo de titularidade municipal, o 31,13% da superficie total.

3.- A Xunta de Galicia, a administración con competencia exclusiva en instalacións de xustiza, adquirirá o solo restante a cambio do aproveitamento que corresponda cando se desenvolva o APR A-3-14 Chouzo.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: Bos días a todos, bos días aos que nos ven por televisión, tamén aos que asisten ao Pleno, aos veciños do barrio de Teis, aos pais e nais do colexio Altamar, ao Comité de Empresa de Vulcano e tamén aos estudantes de linguaxe de signos.

A actitude e a actuación do Sr. Alcalde de Vigo con respecto á Cidade da Xustiza non é máis que o reflexo da súa forma de actuar, mentir, manipular, enredar e en definitiva poñer todo tipo de atrancos para que unha administración que xestiona o Partido Popular non invista na cidade de Vigo.

Convén facer unha pouca de historia. No ano 2005 asinouse un convenio que ten por obxecto a construción da Cidade da Xustiza; nel a Xunta comprométese a facer o proxecto e construír o edificio e o Concello de Vigo comprométese a ceder os terreos. Exactamente as mesmas condicións que no resto de cidades de Galicia.

Vigo foi a primeira cidade de Galicia en presentar a necesidade de novos xulgados e ademais contar co proxecto e o diñeiro para a súa construción. A verdade é que mentres outros xulgados noutras cidades avanza, o proxecto de Vigo segue atrancado. Por exemplo en Santiago o Concello cedeu os terreos no barrio de Fontiñas e a Xunta está rematando as obras que se inaugurarán este ano. Na Coruña o Concello cedeu o edificio da antiga fábrica de tabacos e este ano a Xunta comezará as obras. En Ourense o Concello expropiou terreos no

barrio do Couto e tamén este ano comezarán as obras. En Pontevedra o Concello iniciou o alleamento duns terreos na zona da Parda que lle custarán ao Concello un millón e medio de euros e logo a Xunta construíra o edificio.

Que pasa con Vigo? A realidade é que a Xunta do bipartito adxudicou e pagou o proxecto que está listo dende hai catro anos e medio. Malia que o normal para unha obra é ter primeiro o terreo e logo buscar o financiamento, a Xunta do Partido Popular leva tres anos consecutivos consignando quince millóns de euros no seu orzamento mentres agarda polos terreos.

Se acudimos á hemeroteca comprobaremos que dende o ano 2007 o alcalde dixo unha cousa e a contraria: “A Cidade da Xustiza permitirá abrir vinte novos xulgados a finais do 2009”, “A Cidade da Xustiza non terá que agardar á aprobación do Plan Xeral”, “As obras da Cidade da Xustiza comezan no ano 2009”, “O Concello alleará os terreos para a Cidade da Xustiza que afectan a vinte casas”. Mesmo enviou unha carta oficial ao conselleiro, Alfonso Rueda, o 5 de outubro de 2009 que di: “Asumimos o compromiso, de acordo co PXOM de Vigo, de poñer a disposición da Xunta os terreos que o plan contempla para a Cidade da Xustiza”. “A Xunta licitará a Cidade da Xustiza ao día seguinte de ter os terreos”, “Caballero ofrece aos afectados da Cidade da Xustiza realoxarse en trinta pisos de Navia”, “O Concello desbloquea a Cidade da Xustiza e inicia a ocupación de 35.000 m<sup>2</sup> de terreo”, “Urbanismo inicia o proceso para obter terreos para construír a Cidade da Xustiza”, etc.

O 6 de outubro do ano pasado o Concello descólgase, rexeita o pagamento dos terreos e di que non vai desembolsar vinte e un millóns de euros que é o que cre que custa a Cidade da Xustiza. Este sábado o Concello di que non son vinte e un millóns o custe do alleamento, que son catro coma nove millóns de euros, dezaseis millóns de euros menos. A que está xogando o Sr. Alcalde?

Instamos a que dunha vez por todas e sen máis dilacións o Concello de Vigo ceda os terreos á Xunta de Galicia para a construción da Cidade da Xustiza.

SR. ALONSO PÉREZ: Non vou perder moito tempo porque creo que os cidadáns xa están cansos disto. Levamos dende o ano 2005 que se o PP, que se o PSOE, que se a Xunta, se o Concello... Os cidadáns están cansos e o que queren é que dunha vez senten e se poñan de acordo. Señores do Partido Popular e señores do

Partido Socialista, goberno local e Xunta de Galicia, paren xa esta película dunha vez. Estamos cansos, abúrrenos. Dende o ano 2005 levan botándose as culpas uns aos outros. Xa está ben. Senten, negocien e resolvan a situación porque Vigo precisa a Cidade da Xustiza dunha vez.

O BNG presentou no Parlamento Galego unha emenda para que asinen un protocolo e resolvan o problema. A Cidade da Xustiza tiña que estar rematada xa no ano 2012 e se seguen con esta película continuaremos co mesmo no 2015, no 2016 e seguirán botándose as culpas entre o Partido Popular e o Partido Socialista. Os cidadáns están cansos e o BNG tamén.

Non vou consumir os cinco minutos, paréceme un absurdo. Sinxelamente temos unha emenda que di o seguinte: “Instar á Xunta de Galicia a dar cumprimento inmediato ao mandato do Parlamento Galego do 25 de novembro de 2011 e de xeito inmediato tamén elaborar un protocolo de colaboración co Concello de Vigo que permita desbloquear a situación dos terreos da Cidade da Xustiza para dar inicio á execución das obras no primeiro semestre de 2012”.

Por favor paren dunha vez, senten e resolvan a situación porque necesitamos que as obras comecen axiña.

Os meus compañeiros, Sr. Domínguez e Sra. Veloso, falaron antes doutras situacións nas que se daba este continuo peloteo. Xa imos pensar que hai un pacto PP-PSOE por enredaren, non faceren nada e non gastaren. A ver se no fondo vai haber un pacto porque senón non se entende. Por favor senten, negocien e resolvan esta situación.

SRA. SILVA REGO: Sr. Fidalgo, vostede si que mente con gran descaro. Vostedes son capaces de dicir hoxe branco e mañá negro sen pestanexar e sen se ruborizar, ademais de falar sempre sen se documentar e non se decatarse de nada. O de vostedes é facer ruído e traizoar aos intereses de Vigo. Fixérono cando permitiron que o Sr. Núñez Feijóo roubara a nosa Caixa, cando se negan a investir na cidade dende a Xunta e dende a Deputación ou cando pretenden que asumamos os custes de infraestruturas competencia doutras administracións. Agora pretenden que saian dos petos dos vigueses os cartos para a adquisición dos terreos para a Cidade da Xustiza que é competencia exclusiva da Xunta de Galicia. Voulles dicir algunhas cousas para que lles queden claras dunha vez e

para sempre.

Sr. Fidalgo, a ver se se decata que o protocolo de 2005 é un protocolo e non un convenio e é unha proba máis da incapacidade do Partido Popular para defender os intereses de Vigo, xa que se asumía por parte da Sra. Porro un compromiso de millóns de euros para facer unha infraestrutura que é competencia da Xunta e ademais sen facer unha valoración previa. En Pontevedra si fixeron a valoración previa, aquí non. Esa é a herdanza que nos deixaron a Sra. Porro e o Sr. Figueroa, hipotecas de millóns de euros, asumindo gastos que eran competencias doutras administracións. Todo valía para saír na foto e darse publicidade porque a xestión era nula.

En segundo lugar algo aínda máis grave. Fálannos do interese do Partido Popular pola construción da Cidade da Xustiza. Pois xa puideron apurar vostedes un pouco máis na toma de decisións porque levan gobernando na Xunta tres anos e foi a mediados deste mes de xaneiro no que estamos cando remitiron o seu proxecto. Ata hai unha semana o único proxecto que constaba neste Concello era o de 2006, que superaba as parcelas destinadas polo PXOM e que polo tanto incumpría as determinacións do noso plan e iso obrigaba á súa modificación. Por iso nós lles propuxemos ao inicio deste mandato que a Xunta declarase a supramunicipalidade e poderen así desenvolver o proxecto. Por certo, demanda que vostedes mesmos fixeron por medio dunha moción presentada a principios de 2011.

Con vostedes, Sr. Bernárdez, si que é certo que onde din digo, digo Diego como o Sr. Rajoy, dicindo que vai baixar impostos e subíndoos. Así unha tras outra mentira aos cidadáns.

A Xunta negouse á supramunicipalidade porque fixo a valoración daquel proxecto e do que custaban os alleamentos. Ascendía a vinte e dous millóns de euros con aquel proxecto, o único que existía.

Logo da negativa da Xunta a aceptar a supramunicipalidade fixan unha reunión para o 23 de novembro pasado e alí nos contan que teñen un novo proxecto que si que encaixa no Plan Xeral, pero o proxecto non o traen; iso si, a Xunta preséntao ante os medios de comunicación en Vigo sen llo presentar ao Concello. Unha mostra máis da súa total e absoluta deslealdade institucional.

Tiveron que pasar dous meses para que remitisen ese proxecto, aínda que

semanas antes o presentaran xa aos medios. Como lles dixen por fin o presentan no Concello e nunha semana nós xa temos avaliado que agora si entra no Plan Xeral e tamén o custe deste novo proxecto que é de preto de 4.700.000 euros e antes era de 22.000.000 euros.

Aínda que a competencia é da Xunta, nós estamos dispostos a colaborar e por iso presentamos unha emenda na que dicimos que poremos ao dispor da Xunta os terreos titularidade do Concello que custan bastante máis ca os que pon Pontevedra ao dispor da Xunta de Galicia; o solo restante que se faga cargo a Xunta e que cando se desenvolva o ámbito que poida recibir o custe a través dos aproveitamentos.

Esta é unha proposta moi xenerosa.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Silva, nótase que como moi ben dixo antes vostede é de letras porque dicía que o alleamento era de vinte e dous millóns de euros e agora mesmo, que é o mesmo proxecto que se move un pouco máis cara o sur por non afectaren a unha zona verde do planeamento, di que custa cinco millóns de euros.

Os cidadáns teñen que saber que os xulgados de Vigo están totalmente saturados por culpa do Sr. Alcalde que leva catro anos e medio andando con voltas e poñendo atrancos en todo o posible para que este proxecto non saia adiante e isto é porque a Xunta de Galicia inviste en Vigo.

Isto non é serio, non é actuar con responsabilidade. Vostedes son uns irresponsables, uns pésimos gobernantes e non son de fiar.

Con isto nos vai pasar como co AVE. Xa había AVE en Vigo pero a realidade é que A Coruña, Santiago e Ourense teñen AVE e Vigo non. A Cidade da Xustiza está iniciándose na Coruña, en Pontevedra, Ourense, Santiago, pero en Vigo está parada. Por certo, outros gobernos doutra cor política como é o goberno de Pontevedra do Bloque Nacionalista Galego ou tamén gobernos socialistas como o de Ourense, colaboran coa Cidade da Xustiza.

Habendo moitos problemas nesta cidade como é o desemprego, a encrucillada que están atravesando certos sectores produtivos como o do naval, o comercio, a hostalería, o principal problema que ten esta cidade é o seu alcalde, é o único que impide que se invista na cidade e só para reforzar a súa única

argumentación: “Eu, Abel Caballero, son o único que defende a Vigo, todos os demais a atacan”.

O alcalde de Vigo debe ser alguén que colabore coas outras administracións sen importar a súa cor política, alguén que una e non que separe, alguén que multiplique e non que divida, alguén que sume e non que reste.

A política de enfrontamento do Sr. Alcalde non nos vai levar a ningures e por iso quizais está ausente deste Pleno cando tratamos un dos principais problemas da cidade. Casualidade, débátese sobre o AVE, sobre o hospital, sobre a Cidade da Xustiza e o Sr. Alcalde non está.

A política de enfrontamento do Sr. Alcalde non nos vai levar a ningures e por iso lles pregamos que actúen con responsabilidade e cedan os terreos.

A PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo, como presidenta deste Pleno no día de hoxe resúltame moi sorprendente que vostede ouse falar de non presenzas. Se quere lle lembro algunhas non presenzas de conselleiros da Xunta de Galicia cando ardía esta comunidade e se atopaban de paseo, ou as moitas ausencia do presidente da Xunta en cuestións moi importantes da nosa comunidade nas que non estivo, nin se lle agardou.

Se vostede fai ese chamamento á conciliación, ao acordo, aconséllolles a todos vostedes que baixen o ton do enfrontamento porque é no único sitio onde vostedes se atopan cómodos, Sr. Fidalgo.

O Sr. Alcalde de Vigo é un alcalde que está presente acotío nesta cidade detrás de todos os problemas da cidade e os cidadáns de Vigo sábeno.

Tamén lle prego, Sr. Fidalgo, que mida as súas palabras e as súas falsas afirmacións.

Presentáronse dúas emendas, unha do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo socialista, pídlle que fixe a súa postura para tomar as decisións en relación á posterior votación.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Respecto á emenda presentada polo Partido Socialista non a podemos apoiar porque está chea de inexactitudes, di que a Xunta de Galicia ten competencia exclusiva en materia de xustiza e isto non é así porque o Ministerio de Xustiza tamén a ten e fala duns aproveitamentos que non coidamos

axeitados.

A emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego fala de asinar un protocolo, que xa o hai, vostede presentouno, e desvirtúa un pouco o obxectivo da nosa moción porque o que pretende a moción é que se poñan ao dispor da Xunta os terreos e non seguir enredando máis sentándose.

A PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo, a súa intervención é só para fixar a posición sobre as emendas.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Rexeitamos as dúas.

*As anteriores emendas non se aceptan polo relator da moción, Sr. Fidalgo Iglesias, polo que a Presidencia non as somete a votación.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, acórdase:

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias , instando ao Concello de Vigo a poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a Cidade da Xustiza, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2. (18).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á ALCALDÍA A CESIÓN DE TERREOS PARA CONSTRUCCIÓN DO NOVO COLEXIO ALTAMAR. EXPTE. 391/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de xaneiro, número 391/1101, o concelleiro do Grupo municipal Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“A corporación xa coñece a difícil e xa cada vez máis complicada situación que vive o CEIP Altamar de Vigo. Dende hai anos a sociedade viguesa a través dos medios de comunicación é consciente da gravidade do problema e todo o que leva. Levamos varios anos asistindo a unha loita por parte da comunidade educativa para lograr un novo colexio e xa é tempo de dar unha solución coherente para solucionar este grave problema.

A Consellería de Educación mantén o seu compromiso de levar a cabo a construción do novo edificio para o colexio, para iso é necesario que o goberno municipal ceda definitivamente os terreos situados nas proximidades do Museo Liste.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno de Corporación que adopte o seguinte acordo :

Instar ao Sr. Alcalde da cidade de Vigo e Presidente da Corporación municipal, don Abel Caballero, a que ceda os terreos para a construción do novo CEIP Altamar."

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do día 23 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda de substitución presentada en escrito de data 30.01.12, polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

Instar ao goberno local e á Xunta de Galicia para que se poñan urxentemente de acordo na construción do novo Colexio Altamar; que o Concello poña a disposición da Xunta uns novos terreos para a construción dunha nova residencia xuvenil e que a Xunta constrúa un novo colexio nos terreos actuais da residencia e do centro de ensino adaptando algunha instalación das existentes no IMD como complemento dese novo centro.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: Comezo coa famosa frase do escritor Oscar Wilde: “O sentido común é o menos común dos sentidos”. Hoxe máis ca nunca apelo diante deste Pleno ao sentido común, á solidariedade e á xenerosidade de todos os grupos municipais; hoxe máis ca nunca este Pleno debe dar unha



lección de entendemento, de colaboración fronte á sociedade viguesa, coido que é a mellor argumentación que como políticos debemos dar hoxe ante a cidadanía cansada de enfrontamentos estériles.

Todos coñecemos moi ben o escenario desta moción, o relato crítico de como a comunidade escolar do colexio Altamar vive unha situación dramática que nos sitúa ao bordo dun país en vías de desenvolvemento.

A miña compañeira, Sra. Larriba, presentou ata vinte veces esta problemática diante deste Pleno.

Na actualidade a comunidade escolar fórmase cun número de alumnado de 222, conta cun excelente profesorado de 14 persoas, máis 4 itinerantes que acoden ao centro dous días semanais e un exemplar grupo de nais e pais que loitan pola dignidade do ensino dos seus fillos, ou sexa da nosa cidade, Vigo.

Conta cunha porcentaxe moi alta de inmigrantes entre os que atopamos poboación sudamericana, senegalesa, romanese e chinesa que participan do programa de inmersión lingüística de forma rápida gracias ao extraordinario compromiso e xenerosidade do claustro.

Na última visita que fixemos como grupo municipal co voceiro de educación do Partido Popular no Parlamento galego, D. Román Rodríguez, puidemos comprobar a situación de extrema gravidade que vive esta comunidade escolar. Non existen espazos comúns de extensión suficiente para realizar reunións como claustros ou consellos, estes actos realízanse nunha moi pequena sala de profesores que se rescatou dun corredor con doce metros cadrados. Non existe aula de educación musical, non se dispón de sala para usos múltiples, educación plástica e actividades varias; non hai biblioteca escolar; hai aulas pequenas sen ventás, sen luz natural onde o alumnado non pode entrar coas súas mochilas que se amontoan nos corredores; o comedor sitúase no lugar que a directora, de xeito xeneroso, chama escenario dun auditorio. A min pareceume estar visitando o colexio dun país dun documental da 2, pero en branco e negro.

Este alumnado non ten recreos normais como calquera neno ou nena teñen noutro colexio de Vigo, vive nunha situación anormal en calquera actividade que se faga no colexio, ata o uso dos deteriorados servizos.

Estamos convertendo ao alumnado e ao profesorado en auténticos mártires dunha causa que non se debe perder.

Sr. alcalde, o Partido Popular de Vigo non lle prometeu xamais ás nais e pais do colexio Altamar os terreos apegados ao Museo Liste, foi vostede mesmo e ademais do seu puño e letra. Nas hemerotecas está recollida a súa proposta e o seu total apoio para construír un novo colexio.

Daquela gobernaba o Sr. Touriño na Xunta de Galicia e a súa conselleira de Educación deu o primeiro paso para colmar as esperanzas da comunidade académica. Unha vez que cambiou o goberno da Xunta o Sr. Núñez Feijóo mantivo a promesa de construír un novo colexio, pero vostede cambiou de opinión e faltou á súa promesa persoal de axudar ao colexio de Altamar.

Quen perde é a cidadanía de Vigo e a súa credibilidade como político. O seu compromiso cribble pasa pola educación, pasa por dar un paso cara a realidade que vive esta comunidade.

Prégolle encarecidamente a vostede, Sr. Alcalde, ao seu grupo e ao grupo do BNG que voten favorablemente esta moción e que se inicien os trámites para ceder os terreos apegados ao Museo Liste. Todo é absolutamente favorable para que se poida construír neste lugar, é un espazo dotacional. Os técnicos desaconsellan demoler o actual edificio e facer un novo no mesmo lugar porque sería un parche, quedaría pequeno e ademais sería un problema recolocar ao alumnado mentres duren as obras.

Construír un novo colexio nos terreos próximos ao Liste garante o crecemento do futuro do colexio, o respecto ao medio ambiente e eleva a beleza e uso do contorno por parte dos veciños que ven como este espazo se deteriora de xeito extraordinario.

O actual goberno do Sr. Núñez Feijóo mantén ano tras ano o seu compromiso do presuposto para construír e dotar o novo colexio de Altamar, só falta a súa decisión, a súa vontade política ante a cidadanía de dicir si aos terreos Liste. Fágao, Sr. Alcalde, por favor, polo ben de Vigo e da comunidade escolar do colexio Altamar. Sexamos coherentes coas nosas promesas e cos nosos compromisos.

Lembro que diante do Parlamento de Galicia se levou unha iniciativa exactamente igual ca esta solicitándolle ao Concello de Vigo que ceda os terreos Liste.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Unha defensa absolutamente acendida, calorosa, impresionante por parte do Sr. Relova do ensino público na nosa cidade cando se trata de ir na contra do Concello de Vigo. Unha defensa que a min me encantaría de verdade, Sr. Relova, que a fixera diante do presidente da Xunta, Sr. Núñez Feijóo, diante do conselleiro de Educación, con esa mesma enerxía que vostede acaba de amosar para lle dicir ao seu presidente e á Xunta de Galicia do seu partido que defendan o ensino público nesta cidade e en toda Galicia.

É incrible a falla de coherencia e de criterio dos señores do Partido Popular nesta materia.

Acabamos de ver como soben as cotas que teñen que pagar os cativos e cativas nas nosas escolas infantís; estamos vendo como reducen profesorado, como privatizan servizos básicos. Pero agora si, cando se trata de ir na contra deste Concello vostedes defenden o ensino público. Nin un só euro nos últimos anos do goberno do Partido Popular en materia de ensino nesta cidade, nin unha soa nova ampliación dos comedores escolares desta cidade.

Pero como nós si somos coherentes, estamos con vostede na defensa de que os alumnos e alumnas do colexio Altamar precisan urxentemente un novo centro educativo. O BNG defende o ensino público independentemente de quen teña diante ou das cores políticas de quen teña enfronte.

Nós non prometemos un colexio, prometeuno o Sr. Alcalde. Na anterior campaña electoral de hai cinco anos a comunidade educativa do colexio Altamar mostroume un folio manuscrito polo Sr. Alcalde no que se dicía textualmente que na próxima lexislatura se comprometía a que o colexio Altamar tivese un novo centro educativo. Manuscrito que a min me mostraron e que daquela dixen que se cumprise.

Evidentemente non se cumpriu. Culpa do Sr. Alcalde? Por suposto, el foi quen se comprometeu. Culpa do Partido Popular? Tamén, porque unha vez máis é neste Pleno onde se algo queda de manifesto é que nos grandes temas, nas grandes infraestruturas que necesita esta cidade: xustiza, infraestruturas férreas, colexios, sanidade, seguimos sempre igual, a pelota duns cara outros.

O BNG dixo claramente que a súa alternativa ao colexio Altamar non pasa polos terreos Liste, dicímolos fundamentándonos en que pensamos que hai que potenciar esa dotación cultural como Museo Liste, argumentamos tamén que non

vemos a posibilidade de compatibilizar os dous usos e ademais tamén hai informes técnicos que afirman que aí neses terreos, non é o lugar máis axeitado. Nós presentamos unha emenda porque si hai un proxecto que sendo Anxo Quintana vicepresidente da Xunta de Galicia, estando el en Benestar Social, eu mesmo falando co daquela director xeral de Xuventude formulábase un acordo que é o que nós presentamos agora na nosa emenda, que si se pode facer e é tecnicamente posible: que o Concello poña ao dispor da Xunta de Galicia uns novos terreos para a construción dunha nova residencia xuvenil e hai terreos en Vigo. Que a Xunta de Galicia, cos terreos actuais da residencia máis os actuais do colexio público, constrúa aí un novo centro e ademais que non se supriman pero si que se adapten algunhas das instalacións que nestes momentos ten o Instituto Municipal dos Deportes para que sirvan de complemento a ese futuro centro educativo.

Esta alternativa é real, avalada tecnicamente, é factible e pódese iniciar xa se hai vontade entre o goberno local e a Xunta de Galicia, así non teríamos necesidade de eliminar unha dotación cultural nesta cidade que tamén é realmente importante.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Antes o Sr. Relova apelaba ao sentido común, ao entendemento e á colaboración; dicía que hai que ser coherentes. Eu pódolle asegurar que dende este partido, dende este grupo político e dende o goberno, dende a Concellería de Educación durante estes catro anos, tivemos moito sentido común, moito entendemento e moita colaboración, pero si que non a vimos por parte da Xunta de Galicia.

Falou do sentido común e da coherencia. A min asómbreme que hoxe veña defender o traslado e que se faga o colexio Altamar nos terreos Liste cando vostedes, cando gobernaban nesta cidade hai máis de catro anos, a proposta que levaban á Delegación de Educación era un proxecto de ampliación do centro. Teño aquí a carta que lle dirixiu o Sr. López-Chaves ao delegado de Educación no ano 2006. A proposta que vostedes presentaban era a da ampliación do propio centro.

Falo de entendemento e de colaboración e falo con capacidade porque eu persoalmente si coñezo ese colexio, estiveren alí, pero tamén coñezo a residencia

porque vivín nela. Coñezo de primeira man as carencias do centro porque eu compartín eses patios cos nenos e tamén tiven que compartir ese salón de actos que agora é comedor e moitas máis cousas. Polo tanto coñecemos o caso e dende o primeiro momento este alcalde ofreceu entendemento e colaboración coa Xunta de Galicia e coa comunidade educativa.

Como moi ben dicía o Sr. Domínguez elaboramos e presentámoslle á Xunta de Galicia moitas propostas, pero a resposta desta sempre foi que non.

Nós soubemos dende o primeiro momento que o que pasa é que non hai colaboración por parte da Xunta de Galicia porque, como moi ben dicía o Sr. Domínguez, se trata dun colexio público. Esa é a razón.

Dende aquí inicialmente se elaborou un proxecto, está redactado e feito cos visados municipais para adaptar o colexio. Dixéronnos que os metros cadrados non eran os axeitados, os suficientes, que non había posibilidade de ampliación e polo tanto elaboramos unha nova proposta que diriximos á Consellería que consistía en utilizar tamén o uso da residencia. De novo a resposta foi que non. Sen embargo iso si, se a cuestión era de metros cadrados, por metros cadrados iso xa é viable, xa entra dentro da capacidade. O que ocorre é que a Xunta de Galicia non lle interesa e entón pon como escusa que o hai que facer no Museo Liste, pero esta non é a alternativa porque o Museo Liste é o único espazo verde de uso público que hai nesa zona e no Museo Liste, onde se propón que constrúa o colexio, hai unha carballeira centenaria e polo tanto se vostedes falaban do respecto ao medio ambiente, este empeza por aí; non destruíamos unha carballeira por faceren un edificio, non privemos a esta cidade de espazos verdes.

Temos tres mil sinaturas polas que os propios veciños da zona amosan o seu desacordo co uso dos terreos do Museo Liste, eses veciños tamén son pais de nenos do colexio que por suposto queren a ampliación ao igual que queremos todos.

Tamén o pleno do Consello Escolar Municipal manifestou o seu desacordo co uso dos terreos do Museo Liste e neste consello está o sector docente, o de pais e o social. O resultado da votación en contra do uso dos terreos do Museo Liste e a favor de que se fixera a ampliación nos terreos onde está actualmente, foi de quince votos a favor, cero en contra e tres abstencións. Polo tanto non é unha

alternativa a do Museo Liste.

A alternativa que está nestes momentos enriba da mesa e que é viable e só depende do entendemento e da colaboración da Xunta de Galicia é adaptar o colexio construíndo nos seus terreos e nos da residencia. Sería perfectamente factible, non habería nin sequera que recolocar aos nenos porque se pode ir comezando por remodelar a residencia mentres os nenos permanecen no colexio e, unha vez remodelada, trasladar alí aos nenos e logo facer a parte do colexio. É perfectamente factible.

O que non vemos é o entendemento e a colaboración por parte da Xunta de Galicia.

Aceptamos a proposta do Bloque porque é a nosa, é a que nós xa levamos á Xunta de Galicia, que se fagan obras no colexio e na residencia e este Concello está disposto a ceder terreos para a residencia.

Tampouco habería problemas coa residencia porque cando se construíu non había residencia universitaria, por iso eu tiven que estar alí, sen embargo agora si que hai residencia universitaria e polo tanto se podería trasladar perfectamente aos mozos que teñen cabida nesa residencia universitaria.

Nestes momentos a única administración que non está amosando nin entendemento, nin colaboración é a Xunta de Galicia. Por iso lle instamos a que ceda os terreos da residencia Altamar para facer alí a ampliación do colexio.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Sr. Domínguez, lémbrolle que eu son funcionario, que son compañeiro dos profesores do colexio Altamar, que son do ensino público e que o defenderei ata o final dos meus días con criterios obxectivos. Vivín o feito de que o actual goberno do Sr. Núñez Feijóo investiu 345.000 euros no meu centro, no Conservatorio Superior de Música de Vigo, logo dunha ampla negativa de D<sup>a</sup> Laura Sánchez a cubrir os tellados do conservatorio con inundacións. Chegou o Sr. Núñez Feijóo e nolo arranxou con 300.000 euros. Evidentemente o meu vínculo co Sr. Núñez Feijóo é a día de hoxe nulo. Digo isto por se alguén pensa nalgún tipo de favoritismo porque ademais eu daquela tampouco era director do Conservatorio superior.

Lémbrolle que está demostrado que en educación en Vigo se investiron dez millóns de euros. Non soporto a idea de que se obvие esta cifra, máis de dez

millóns de euros investidos en centros educativos. Ao Sr. Núñez Feijóo si que lle importa a educación.

Eu teño aquí unha foto do Sr. Alcalde publicada polo Vigo Xornal do 19 de febreiro de 2010 cos pais do colexio Altamar onde se di: “Abel Caballero avoga por unha parcela baixo o Museo Liste para o novo edificio do colexio Altamar”. Non é o Partido Popular, nin ninguén de nós, nin o Sr. Núñez Feijóo quen inventou isto, foi D. Abel Caballero quen fixo a proposta, quen fixo vivir aos pobres pais, profesores e alumnos actuais o “síndrome de Moisés”, aos que lles falan da “terra prometida” que nunca vai chegar. Podería falar aquí doutros síndromes como o de Alicia, o de Pinocho, Peter Pan e outros moitos máis, pero como hai dous médicos, D. Cayetano e D<sup>a</sup> Teresa, non me quero meter con demasiados síndromes.

É increíble que todos os informes sexan favorables, mesmo os do Concello de Vigo que din que tal como se formula na actual situación, unha demolición e reconstrución posterior sería moi caro, botar a construción abaixo sería moi caro e aínda por riba cando se fixese de novo o colexio quedaría aínda máis pequeno. Isto é certo e aválano os técnicos tanto do Concello como da Xunta de Galicia.

Sra. Díaz, falou vostede de protección do medio ambiente cando tallaron carballos alí, na parcela do Museo Liste?

Eu vou dicirlles unha frase de Groucho Marx moi querida por min: “A política é a arte de buscar problemas, atopalos e aplicarlles as solucións equivocadas”. Creo que Torrente, a próxima película de Santiago Segura, debería rodarse en Vigo porque son un tanto patéticas e lamentables moitas das cousas que aquí están pasando aquí.

Déanlles a oportunidade a eses nenos, a todos os inmigrantes de ter unha educación xusta e equilibrada porque non hai nenos de primeira ou de segunda.

A PRESIDENCIA: O Bloque Nacionalista Galego presentou unha emenda, acéptaa o Partido Popular?

SR. RELOVA QUINTEIRO: Non, é un parche.

A PRESIDENCIA: Hoxe o público está alterado e o Sr. Relova altérao aínda máis.

Pasamos á votación desta moción nos seus xustos termos.

*O relator da moción non acepta a anterior emenda polo que a Presidencia non a somete a votación.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, acórdase:,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quintero, instando á Alcaldía a cesión dos terreos necesarios para a construción do novo colexio Altamar, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES**

Non se presentaron.

#### **5.- (19). FORMULACIÓN DE ROGOS.**

- \* ROGO DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO A CONVOCATORIA URXENTE DO CONSELLO SOCIAL DA CIDADE PARA TRATAR DA SITUACIÓN DE VULCANO.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O naval na nosa cidade todos sabemos que está a pasar por unha situación moi grave e moi crítica. É un sector fundamental para o desenvolvemento económico de Vigo. O próximo día 13 de febreiro remata o



prazo para adherirse ao convenio que a empresa Vulcano presentou no concurso de acredores e que se precisa o voto a favor de PYMAR. Diante disto temos recibido hai uns minutos un escrito por parte do Comité de empresa para que o Concello aprobe unha moción instando a PYMAR a adherirse a este convenio.

Evidentemente sabemos polo regulamento do Pleno que non é posible nestes momentos presentar esa moción por cuestión temporal, pero si queremos facer o seguinte rogo: solicitar ao Alcalde desta cidade que convoque urxentemente ao Consello Social da Cidade, por suposto antes do 13 de febreiro, e que todos os grupos políticos alí representados, os sindicatos, os colectivos sociais e cidadáns, así coma os colectivos empresariais, poidamos facer non só unha moción no Pleno, senón o que para nós sería máis importante, un pronunciamento claro de todo o Consello Social da Cidade instando a PYMAR a que se sume a ese concurso de acredores.

Polo tanto o rogo é que o Alcalde convoque urxentemente ao Consello Social da Cidade para que este se poida pronunciar a favor da solución que os traballadores e traballadoras de Vulcano queren.

SR. LÓPEZ FONT: Tal e coma está formulado o rogo por parte do Sr. Domínguez Oliveira, dende o Grupo municipal Socialista sumámonos a ese rogo.

SR. FIGUEROA VILA: Sra. Presidenta, coido que este un tema demasiado importante como para que o voceiro do grupo maioritario poida intervir.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, a Presidencia do Pleno dálle un minuto para que fixe a súa posición.

SR. FIGUEROA VILA: Nós estamos totalmente de acordo con esta proposta e imos apoiala. Mesmo antes falaba co voceiro do BNG de que non tiñamos ningún problema en que se reconvertese nunha moción porque é un tema importante e extraordinario e coido que neste Pleno, á marxe da normativa, cando hai temas de transcendencia temos que ser nós quen suplamos nalgúns casos á normativa. Parécenos que está ben a convocatoria do Consello Económico e Social pero non nos importaría mesmo que se trasladase coma unha moción do propio Pleno

estando todos de acordo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pola nosa banda que somos os propoñentes do rogo, se o secretario e a presidenta considéranos ben, non temos ningún problema en votar a inclusión dunha nova moción urxente neste sentido. O noso rogo tamén ía nesa liña.

A PRESIDENCIA: Como moi ben debería saber o Sr. Figueroa e ademais estou convencida de que o sabe, o punto de mocións urxentes xa pasou; estamos no punto 5: formulación de rogos. Como presidenta deste Pleno e atendendo á petición do Sr. Domínguez Olveira do Bloque Nacionalista Galego, a posición do Grupo Socialista de avalar ese rogo e tamén do Sr. Figueroa como voceiro do Grupo Popular, dareille traslado ao alcalde desta petición afirmando xa que este rogo será unha realidade.

\* ROGO DO CONCELLEIRO SR. BERNÁRDEZ DE DIOS AO CONCELLEIRO DO GRUPO SOCIALISTA SR. REGADES FERNÁNDEZ, DE QUE NON MENOSPREECE AOS CONCELLEIROS DO GRUPO POPULAR.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Queriamos rogar, neste caso ao Sr. Regades, que non menosprece máis aos concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular, sobre todos aos que se foron, porque os catro compañeiros que iniciaron a lexislatura connosco, Corina Porro, Ignacio López-Chaves, Elvira Larriba e M<sup>a</sup> José Bravo, se non están agora mesmo aquí exercendo de concelleiros é porque foron chamados a outras responsabilidades políticas maiores .

Para nós é unha honra e sentímonos moi orgullosos que formaran parte do Grupo municipal Popular. De igual xeito sentímonos orgullosos dos compañeiros que pasan a integrar este Grupo municipal.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O Partido Socialista non menoscaba ao Partido Popular nin ao grupo que está nesta sala, senón que describe unha situación e unha realidade. Sinto moito que o Sr. Bernárdez se ofendese porque o que

describiamos foi unha situación dun grupo que está en continuo cambio.

- \* ROGO DO CONCELLEIRO SR. REGADES FERNÁNDEZ AOS CONCELLEIROS DO GRUPO POPULAR DE QUE NON FAGAN DESCUALIFICACIÓNS DOS MEMBROS DO GRUPO SOCIALISTA.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O meu rogo é o seguinte: Coido que a política é a arte da palabra, do verbo, de se expresar e prégoles a todos os concelleiros do Partido Popular que “tirano”, “Pinocho”, “síndrome”... as descualificacións que fan a concelleiros do Partido Socialista e que nalgún momento tamén fixeron a concelleiros do Bloque Nacionalista Galego, que non as usen na súa linguaxe porque o control político que teñen que facer non necesita descualificacións. Por iso ningún concelleiro do Bloque Nacionalista Galego nin do PSOE neste Pleno usou a descualificación para facer ningún tipo de control ao Partido Popular.

- \* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO Á PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO DO CONCELLO SÓ EN CASTELÁN.

SRA. VELOSO RÍOS: O sábado día 21, apareceu publicado polo Concello de Vigo un anuncio nun xornal local redactado unicamente en castelán. Rogo que este Concello sexa máis respectuoso da normativa coa que o propio Concello se dotou en canto ao uso da lingua galega. A ordenanza de Normalización Lingüística di que os anuncios que faga o Concello de Vigo teñen que estar polo menos en galego, independentemente de que ademais de que en galego se poida utilizar o castelán, a outra lingua oficial, ou calquera outro idioma que se considere oportuno en función do obxectivo dese anuncio. Neste caso era un anuncio publicitario nun medio local da cidade, sen maior contido nin información, incumprindo a ordenanza de Normalización Lingüística pois estaba redactado só en castelán.

Rogaría que se sexa máis coidadoso e que non volva acontecer algo semellante porque é a primeira vez que pasa dende que está aprobada esta ordenanza.

A PRESIDENCIA: Recollemos o seu rogo.

- \* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. RELOVA QUINTERO, RELATIVO A NECESIDADES DO COLEXIO ALTAMAR.

SR. RELOVA QUINTERO: O colexio Altamar necesita con urxencia un pequeno tellado diante da porta de entrada porque cando chove e se acumula alí, os nenos móllanse.

Tamén dicir que é moi perigoso o cruzamento que hai diante do colexio cun paso de peóns. Sería moi urxente unha elevación no paso porque fomos testemuñas da forma en que collen a curva os automóbiles e isto de xeito cotián, cada día acontecen accidentes alí.

- \* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. RELOVA QUINTERO RELATIVA Á EXISTENCIA DE PARTIDAS NOS ORZAMENTOS PARA FACER FONTE ÁS BOLSAS DE COMEDOR.

SR. RELOVA QUINTERO: Respecto ao diñeiro consignado nos presupostos neste ano, preocúpanos que para o próximo curso, cando entre en vigor o decreto, non haxa partidas nos orzamentos municipais para facer fronte ás bolsas de comedor do curso 2012-2013.

- \* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ,

SR. ALONSO PÉREZ: O meu rogo está dirixido ao concelleiro de Deportes. Como saben existe un conflito no Instituto Municipal dos Deportes e rogo que, con carácter de urxencia, se convoque á Xunta Reitora do IMD para tentar que a propia Xunta solucione o conflito que existe entre os traballadores e o goberno local. Pensamos que corresponde á Xunta Reitora mediar ou tratar de arranxar

este conflito.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Quérolle transmitir que o compromiso deste concelleiro de Deportes, presidente do Instituto Municipal dos Deportes, é seguir a traballar en todo o que sexa preciso para garantir un servizo eficaz e eficiente para o mundo do deporte, que se poida desenvolver con total normalidade e a súa vez traballar por ter un marco de relacións laborais, estables, seguras e que permitan unha fluidez na relacións e polo tanto estabilidade.

Agradezo o seu rogo e garántolle que seguiremos a traballar para resolver aquelas dúbidas e diferencias que poidan existir e convocaremos a todos aqueles organismos que permitan seguir desenvolvendo este traballo e establecer un marco de normalidade. Poñeremos en marcha todas esas iniciativas que poidan xurdir.

## **6.- (20). FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

\* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVA A RESPOSTA A SOLICITUDE DE VISITA A ETEA DOS CONCELLEIROS DO DEVANDITO GRUPO EFECTUADA NO MES DE OUTUBRO.

SRA. ALONSO PÉREZ: Con data do 22 de xullo eu fixera un rogo ao Pleno para que se procedese á apertura inmediata das instalacións deportivas da ETEA. Como non houbo ningunha resposta positiva, con posterioridade e para visualizar cal era o problema, en data 17 de outubro o Grupo do BNG solicitou poder realizar unha visita á ETEA e ver cal era o problema das instalacións. Posteriormente a Alcaldía contestounos preguntando quen ía asistir nesa visita e respondemos dicindo que iríamos os concelleiros do BNG.

É unha mágoa que non lle poida facer a pregunta directamente ao alcalde porque non sei que medo hai a que o BNG visite as instalacións da ETEA porque, dende outubro que o solicitamos por escrito, aínda non temos resposta. En todo caso penso que xestionar unha visita de concelleiros ás instalacións da ETEA dende o mes de outubro xa vai sendo hora.

A PRESIDENCIA: Darémoslle resposta á súa pregunta.

- \* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, REITERANDO PREGUNTA EFECTUADA NO PLENO ANTERIOR SOBRE SITUACIÓN DA FUNDACIÓN IGUALARTE.

SRA. VELOSO RÍOS: Eu tamén lamento que non estea o alcalde presente porque a miña pregunta está referida a outra pregunta que presentamos xa no Pleno do mes pasado relativa á situación da Fundación IgualArte. Esta Fundación tiña cedido un local para se trasladar e desenvolver alí as súas actividades e finalmente, xa con todo preparado para o seu traslado comunicóuselles que non é posible que ocupen ese local pese a ter xa as chaves, o proxecto aprobado pola Xunta, etc.

Ademais e debido a esta situación e a este traslado previsto, xa chegaran a un acordo co propietario do local que teñen alugado actualmente para deixalo a día 31 de xaneiro.

O mes pasado neste Pleno o Sr. Alcalde contestou que se ía dar solución, que a Fundación IgualArte non ía quedar sen local onde desenvolver ás súas actividades e como, polas informacións que temos no Grupo municipal do BNG, non recibiron ningún tipo de resposta, a última vez que falamos con eles nin sequera conseguiran falar co alcalde nin co concelleiro de Participación Cidadá, ninguén lles atendeu nin lles deu traslado de ningunha decisión nova, querería saber cal é a situación actual.

A PRESIDENCIA: Daremos cumprida resposta á súa pregunta.

- \* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. RELOVA QUINTERO, RELATIVA AOS MOTIVOS DE DESPEDIMENTO A PROFESORES DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS.

SR. RELOVA QUINTERO: Querería saber os motivos que hai para botar á rúa a cinco profesores da Escola de Artes e Oficios. A estes cinco docentes informáronlles que a partir do 9 de xaneiro remataba a súa asistencia técnica pero non lles deron ningún tipo de información. Son despedidos e por iso pregunto.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Só aclarar que é absolutamente falso que se estea a despedir a ningún profesor da Escola de Artes e Oficios. Como presidenta da EMAO xamais din esa instrución de que se despida a ningún profesor. Son persoal do cadro e por tanto non se poden despedir.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e tres minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.